

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 2 DE OUTUBRO DE 2008.-**

**Presidente:**

Sr. Alcalde-Presidente  
D. José Iván Puentes Rivera.

**Asistentes:**

D. Antón Lois Noceda Carballo.  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silvar Canosa.  
D. Manuel López Rodríguez.  
D<sup>a</sup> Amalia García Balado.  
D. Manuel Angel Rodríguez Carballeira.  
D. José Antonio López Rodríguez.  
D<sup>a</sup> Rita María Couto Sejjido  
D<sup>a</sup> Inés Roca Requeijo.  
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín  
D. Manuel Polo Gundín (se ausenta no momento que se expresa na presente acta).  
D. Edgar Antonio Vigo López  
D. Gumersindo Pedro Galego Feal.  
D<sup>a</sup> Rocio Aurora Bértoa Puente.  
D. Juan José Franco Casal.  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral  
D. Manuel Sánchez Martínez.

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezaioito horas e dez minutos do día dous de outubro de dous mil oito, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as Don Antón Lois Noceda Carballo, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silvar Canosa, Don Manuel López Rodríguez, D<sup>a</sup> Amalia García Balado, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Don José Antonio López Rodríguez, D<sup>a</sup> Rita María Couto Sejjido, D<sup>a</sup> Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Manuel Polo Gundín (quen se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta), Don Edgar Antonio Vigo López, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, D<sup>a</sup> Rocio Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión a Interventora D<sup>a</sup> Marta Roca Naveira, e actúa como Secretaria D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, Secretaria xeral do Concello, que da fe do acto.

**Interventoral:**

D<sup>a</sup> Marta Roca Naveira.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**Secretaria:**

D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA EN DATA 7 DE AGOSTO DE 2008.-**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente pregúntase se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 7 de agosto de 2008, previamente remitida coa convocatoria, e non formulándose ningunha, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista o resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria celebrada en data 7 de agosto de 2008.

## **2º.- ADHESIÓN DO CONCELLO AO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA “GOLFO ÁRTABRO”.-**

Seguidamente dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 18 de setembro de 2008 que, transcrito di:

### **“2.-ADHESIÓN DO CONCELLO Á ASOCIACIÓN GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA “GOLFO ÁRTABRO”.**

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 15 de setembro de 2008 que, transcrita di:

#### **“ PROPOSTA**

Visto o escrito remitido por Costa Ártabra (entrada 01.09.08,núm. rexistro 9536) ,no que expón que en relación coa próxima constitución do Grupo de Acción Costeira Golfo Ártabra, que será o encargado de levar a cabo a estratexia de desenvolvemento cofinanciada polo Fondo Europeo de Pesca nos Concellos de Ares, Fene, Mugardos, Neda, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, Culleredo, Miño, Oleiros, Paderne, Sada e Cabanas, creóuse unha Comisión Xestora formada polos Alcaldes de Ares, Pontedeume e Sada e os representantes das Cofradías do territorio e que esa xestora acordou que cada Grupo de Acción Local, como Costa Artabra, se dirixa aos Concellos para que cada un poda tramitar a súa inclusión no GAC e, asimesmo, sexa o difusor entre as asociacións locais. Así comunica que a xestora sinala os seguintes temas a transmitir aos Concellos: A Adhesión de cada un dos Concellos como entidade e difusión que deberá facer o concello entre os colectivos do seu ámbito territorial que considere de interese para formar parte do grupo de acción costeira.

Visto o modelo de estatutos do Grupo de Acción Costeira “ Golfo Ártabra” remitidos.

#### **PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**Primeiro.-** Formar parte este Concello de Fene, con C.I.F. P1503600-G dunha Asociación en trámites de constitución que se denominará Grupo de Acción Costeira “ Golfo Ártabra”, que tomará como forma xurídica, asociación sen ánimo de lucro.

**Segundo.-** Outorgar a conformidade ao borrador de estatutos da futura Asociación que se transcriben como Anexo, formando parte do presente acordo.

**Terceiro.-** Designar como representante do Concello de Fene no acto constitutivo da nova Asociación ao Concelleiro deste Concello, Don Manuel Polo Gundin, con D.N.I. núm. 32668642-V.

**Cuarto.-** Remitir certificación do presente acordo á Asociación Costa Ártabra.

#### **ANEXO BORRADOR ESTATUTOS.**

#### **TÍTULO I DENOMINACIÓN E RÉXIME LEGAL**

##### **Artigo 1. Da asociación.**

1. Constitúese o Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabra” (a partir de agora GAC) como asociación para o cumprimento dos fins descritos no artigo 44 do Regulamento 1198/2006 do Consello do 27 de xullo de 2006 relativo ao Fondo Europeo de Pesca.

2. O GAC é unha entidade sen ánimo de lucro que se rexerá pola seguinte normativa:

- a) Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, na súa redacción dada pola Lei 62/2003, do 30 de decembro.
- b) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en canto á súa condición de entidade colaboradora, sen prexuízo do resto de normativa aplicable.
- c) Os presentes estatutos.
- d) Regulamento de réxime interno, no seu caso, así como polos acordos validamente adoptados pola súa Asemblea Xeral e órganos directivos dentro da esfera da súa respectiva competencia.

## **Artigo 2. Da capacidade xurídica.**

O GAC, unha vez inscrito no rexistro correspondente, disporá de plena capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins.

## **TÍTULO II DOMICILIO SOCIAL E ÁMBITO DE ACTUACIÓN**

### **Artigo 3. Do domicilio social.**

- 1. O GAC fixa o seu domicilio social na Rúa .....e concello... **(proposta da Casa do Mar do concello de Sada-pendente de confirmar)**
- 2. Poderán ser creados locais sociais noutras localidades pertencentes ao ámbito de actuación do GAC mediante acordo da Xunta Directiva.

De producirse a creación dalgún destes locais, darase conta destes acordos aos membros da Asemblea Xeral.

### **Artigo 4. Do ámbito territorial e da súa duración.**

- 1. O GAC terá como ámbito de actuación o correspondente á zona costeira **número 2**, que abarca os seguintes concellos: **Narón, Neda, Fene, Mugar dos, Ares, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne, Bergondo, Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo e Arteixo.**
- 2. A duración será indefinida e subsistirá mentres perdure a necesidade de cumprimento dos seus fins.

## **TÍTULO III OBXECTO SOCIAL E ACTIVIDADES**

### **Artigo 5. Do obxecto social e dos obxectivos.**

- 1. O GAC ten como obxecto social colaborar na gobernanza da zona, participando activamente na construción da capacidade organizativa da zona pesqueira e servindo de núcleo de converxencia e representación das persoas particulares, entidades e axentes socioeconómicos con interese no desenvolvemento integral e equilibrado dazona para alcanzar os seguintes obxectivos:
  - a) Constituír e decidir en todas as medidas amparadas polo Eixe 4 do FEP a selección das operacións que deban levarse a cabo polo sector privado e público, dentro da estratexia de desenvolvemento local establecida.
  - b) Participar en cantas iniciativas zonais, rexionais, nacionais e internacionais contribúan a potenciar o desenvolvemento socioeconómico do sector pesqueiro da zona.
  - c) Servir as entidades asociadas de centro receptor, canalizador e distribuidor de toda a información relativa ao campo de acción do desenvolvemento local e rexional.

d) A prospección e coñecemento das dotacións, recursos e proxectos existentes no territorio en cada momento.

e) Ser factor de sensibilización das administracións, entidades públicas e privadas, así como as institucións comunitarias europeas co obxecto de poder optimizar o aproveitamento dos recursos endóxeos da zona para o seu desenvolvemento harmónico, equilibrado, sostible e integral.

f) Posibilitar entre as persoas integrantes das asociacións o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo e intervención no ámbito do desenvolvemento zonal e rexional.

g) Promover a cooperación interrexional e transnacional con outras asociacións ou organizacións creadas ao abeiro do eixe 4 do Fondo Europeo da Pesca.

h) Calquera outra que favoreza o desenvolvemento sostible do territorio conforme os obxectivos establecidos no artigo 44 do Regulamento CE 1198/2006 do Fondo Europeo de Pesca.

Con carácter transversal a todas as actuacións executadas polo GAC:

a) Fomentar, impulsar, programar e colaborar en actuacións dirixidas á **diversificación de actividades** mediante a promoción de emprego múltiple para as persoas empregadas no sector pesqueiro por medio da creación de traballos adicionais fóra deste.

b) Fomentar, impulsar, programar e colaborar en actuacións dirixidas á procura de **valor engadido para os produtos da pesca**, do marisqueo e da acuicultura.

c) Impulsar o exercicio profesional dirixido a fomentar a **igualdade de oportunidades** entre as mulleres e homes, ademais de desenvolver e aplicar con disciplina, tanto o saber científico relativo ás relacións de igualdade de oportunidades humano-sociais, como os servizos destinados a satisfacer as necesidades e aspiracións das mulleres, tendo en conta a promoción da igualdade de oportunidades.

d) Promover actividades de **carácter informativo, de investigación**, prevención e sensibilización, tendo como principais destinatarios o sector pesqueiro e, prioritariamente, as mulleres novas e colectivos desfavorecidos vinculados ao citado sector.

e) Fomentar, impulsar, programar e colaborar en actuacións dirixidas á **protección do medio natural** nas zonas pesqueiras co fin de manter o seu atractivo, rexenerar e desenvolver os pobos costeiros de pescadores, así como participar nas actuacións de restablecemento do potencial produtivo do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola danado como consecuencia de desastres naturais ou industriais.

2. Para alcanzar os devanditos obxectivos, o GAC poderá desenvolver as actividades seguintes:

a) Accións de **sensibilización** do tecido socioeconómico das zonas vinculadas á problemática, recursos, accións e proxectos que contribúan aos seus intereses de desenvolvemento.

b) Diseñar, planificar, coordinar e realizar actividades socioculturais, tales como seminarios, conferencias, xornadas, investigacións e estudos relativos á problemática do desenvolvemento integral da zona, así como editar, no seu caso, todo tipo de material en soporte escrito, audiovisual ou electro-ópticomagnético, de carácter especializado, didáctico ou meramente divulgativo.

c) Solicitar ante calquera instancia e executar, no seu caso, a realización de calquera programa ou proxecto relativo ao desenvolvemento zonal e rexional, xa sexa para executarse dentro do territorio nacional ou ben en calquera país estranxeiro.

d) Diseñar, planificar, coordinar e executar cantas accións ou actividades sexan necesarias para alcanzar unha adecuada formación e posta ao día permanente de todos os colectivos socioeconómicos vinculados ao desenvolvemento zonal e, especialmente, das persoas profesionais da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

e) Promover o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo, así como a procura de liñas de actuación conxunta con entidades análogas.

f) Realizar as actividades de intermediación ou colaboración na xestión das axudas (servir como entidade colaboradora, convocar e conceder axudas, seleccionar os proxectos, xestionar os pagos, facer un seguimento da execución, etc.).

g) Realizar cantas actividades poidan resultar conexas, antecedentes ou consecuentes das anteriores.

## **TITULO IV DOS DEREITOS E OBRIGACIÓNS DOS ASOCIADOS**

### **Artigo 6. Da adquisición de socio.**

1. A asociación permitirá a integración nela de todas as entidades asociativas e de representación de intereses colectivos, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro, así como administracións locais e entidades públicas dependentes destas, dentro do ámbito territorial correspondente, sen permitir en ningún caso a participación de persoas físicas ou xurídicas individuais con ánimo de lucro.

2. A representatividade, a nivel local ou territorial da zona, das asociacións sectoriais respectivas será avaliada pola Xunta Directiva do presente GAC co fin de evitar a participación de asociacións sectoriais que non sexan representativas no territorio, ben porque non teñan implantación na zona costeira ou ben porque as entidades non posúan medios humanos, técnicos nin materiais e en definitiva non desenvolvan unha actividade permanente na zona.

O disposto anteriormente non será aplicable ao sector público.

3. Para adquirir a condición de membros da asociación, deberán dirixirle á Presidencia do GAC unha solicitude, subscrita pola persoa representante legal mediante acordo do órgano competente, na que se manifesta a vontade expresa de adherirse ao GAC e de cumprir todos os fins recollidos nos seus estatutos e demais regulamentos de orde interna. Esta solicitude deberá acompañarse da seguinte documentación:

- 1 Copia dos estatutos debidamente rexistrados.
- 2 Relación de membros que integran a asociación.
- 3 CIF.
- 4 Memoria de actividades.

4. A persoa que presida a asociación trasladará a solicitude á Xunta Directiva, que deberá resolver nun prazo non superior a un mes desde o traslado daquela.

5. En caso de non admisión pola Xunta Directiva, o/a solicitante pode recorrer ante apróxima Asemblea Xeral. Neste suposto, devandito recurso será incorporado de xeito automático como punto da orde do día na primeira sesión que celebre a Asemblea Xeral, sexa ordinaria ou extraordinaria.

## **Artigo 7. Da perda da condición de asociado.**

1. A condición de membro da asociación perderase:

- a) Por decisión voluntaria do asociado, que o deberá solicitar por escrito.
- b) Por sanción imposta pola Xunta Directiva, por incumprimento das obrigas inherentes á condición de socio.
- c) Por perda da representatividade ou dos requisitos necesarios para a condición de socio/a.
- d) Polo impago de cotas que se acorden pola Asemblea Xeral.

2. O acordo de expulsión, adoptado pola Xunta Directiva previa audiencia do/a socio/a interesado/a, notificaráselle por escrito e contra o mesmo caberá recurso ante a primeira Asemblea Xeral que se celebre.

De ratificarse o acordo de expulsión pola Asemblea Xeral, o interesado poderá recorrer ante a xurisdición ordinaria.

3. A baixa por calquera motivo do GAC non exime ó socio de satisfacer as obrigas e compromisos de calquera natureza que tivese pendentes.

## **Artigo 8. Dos sectores.**

1. Para os efectos dos presentes estatutos, o GAC estará constituído por unha mostra das entidades representativas dos seguintes sectores:

a) **Sector pesqueiro:** integraranos as entidades de interese colectivo pesqueiro, marisqueiro e acuícola con personalidade xurídica propia.

b) **Sector social:** integrarán este sector as asociacións socio-culturais, deportivas, ecoloxistas, recreativas, educativas e as asociacións de mulleres e outras similares.

c) **Sector económico:** estará integrado polas asociacións de empresarios/as, organizacións sindicais, axentes económicos e Grupos de Desenvolvemento Rural.

d) **Sector público:** estará integrado polas administracións públicas de ámbito local e entidades do sector público dependentes destas.

2. O asociado pertencente ao GAC necesariamente deberá adherirse a algún destes sectores. En ningún caso poderá formar parte de máis dun sector.

3. Poderán participar asociacións de ámbito suprazonal sempre que non existan entidades da mesma natureza a nivel zonal.

## **Artigo 9. Dos dereitos dos asociados.**

Os asociados teñen os seguintes dereitos:

- a) Participar con voz e voto na Asemblea Xeral.
- b) Elixir e ser elixidas para formar parte da Xunta Directiva ou das comisións ou comités que poidan crearse.
- c) Aprobar, se procede, en Asemblea, o balance do exercicio e o orzamento anual.
- d) Solicitar información sobre calquera aspecto da marcha do GAC que poida ser de interese para esta.
- e) Os demais que resulten das normas legais aplicables e dos Estatutos do GAC, do regulamento de orde interna ou ben dos acordos validamente adoptados polos órganos sociais.

## **Artigo 10. Das obrigacións dos asociados.**

Son obrigacións **dos asociados**:

- a) Asistir ás asembleas xerais e acatar os acordos validamente adoptados polos órganos sociais.
- b) Ocupar os cargos para os que resulten elixidas e desempeñar fielmente as obrigacións inherentes aos devanditos cargos.
- c) Desembolsar as cotas, no seu caso, que acorde o órgano competente do GAC.
- d) Participar e realizar cantas tarefas lles sexan encomendadas pola Asemblea Xeral, a Xunta Directiva ou as comisións ou comités que puidesen crearse.
- e) Cumprir os demais deberes que resulten dos preceptos legais e estatutarios ou dos acordos validamente adoptados polos seus órganos sociais.

## **TÍTULO V ÓRGANOS DO GAC**

### **Artigo 11. Dos principios de funcionamento.**

O GAC, de ampla base democrática, rexerá polo sistema de autogoberno e polos principios de representación, de observancia, legalidade e de democracia interna no seu funcionamento no marco da Constitución e, no resto do ordenamento xurídico, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

### **Artigo 12. Dos órganos directivos.**

1. Os órganos directivos do GAC son:

- a) Asemblea Xeral.
- b) Xunta Directiva.
- c) Presidencia do GAC.
- d) Vicepresidencia do GAC.

2. Son órganos administrativos do GAC:

- a) A Secretaría.
- b) A Tesourería.

### **Artigo 13. Da Asemblea Xeral.**

1. A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno do GAC e estará integrada por todas as persoas representantes das entidades enumeradas no artigo 6.1 que se atopen en pleno uso dos seus dereitos sociais.

2. Todo o persoal membro efectivo ten dereito a voto.

3. Os cargos de Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría e Tesourería serán elixidos pola Asemblea Xeral na sesión constitutiva desta por un período de catro anos, que poderá prorrogarse.

O feito de que o Grupo sexa un instrumento do FEP implicará que a Presidencia do GAC haberá de recaer nalgún membro da Xunta Directiva do sector pesqueiro, marisqueiro ou acuícola elixido polos membros do sector pesqueiro da Asemblea Xeral. A Vicepresidencia do GAC recaerá nalgún membro dos outros sectores da Xunta Directiva, que será elixida polos membros do resto de sectores da Asemblea Xeral.

4. As sesións da Asemblea Xeral poderán ser ordinarias ou extraordinarias.

5. A Asemblea Xeral ordinaria reunirase unha vez ao ano dentro dos tres primeiros meses do ano.

6. A Asemblea Xeral extraordinaria reunirase tantas veces como sexa necesario, previo acordo da Xunta Directiva, mediante convocatoria da Presidencia do GAC.

7. Así mesmo, e con carácter extraordinario, reunirse a Asemblea Xeral cando o solicite, mediante escrito dirixido á Xunta Directiva, un mínimo de persoas asociadas non inferior ao 10%, con expresión detallada das cuestións que deban integrar a orde do día da convocatoria.

Recibida esta petición pola Presidencia, e dentro dos 15 días naturais seguintes, procederase a efectuar a oportuna convocatoria para a celebración da asemblea xeral.

8. As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela, presentes ou **representados**, a maioría absoluta das entidades asociadas.

En segunda convocatoria o quórum requirido será referido a unha cuarta parte das **entidades** asociadas.

9. Entre a data da convocatoria e o día sinalado para a celebración da reunión da Asemblea Xeral, en primeira convocatoria, haberán de mediar polo menos 15 días naturais, podendo así mesmo facerse constar a data na que, se procede, se reunirá a Asemblea Xeral en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra reunión poida mediar un prazo inferior a media hora.

10. No caso de que non se prevea na convocatoria a data da seguinte convocatoria, deberá facerse esta con oito días de antelación á data da reunión.

11. A convocatoria da Asemblea Xeral será comunicada por escrito a cada unha das persoas representantes das entidades sociais, con expresión detallada da correspondente orde do día.

12. A delegación de voto ou representación soamente poderá realizarse nunha persoa representante do mesmo sector, dos establecidos no artigo 8 dos presentes Estatutos.

#### **Artigo 14. Das funcións da Asemblea Xeral.**

1. Serán funcións da Asemblea Xeral:

a) Coñecer e aprobar, se procedese, a conta xeral de ingresos e gastos anualmente, así como o orzamento anual de gastos e ingresos da entidade para o exercicio seguinte, modificando as cotas e establecendo derramas extraordinarias, **se as houberse**.

b) Censurar a xestión da Xunta Directiva, da Presidencia ou de calquera membro desta.

c) O nomeamento das persoas integrantes da Xunta Directiva.

d) Acordar, no seu caso, a contía das cotas de ingreso e periódicas, así como a súa forma de pago.

e) A disposición ou alleamento dos bens do GAC.

f) A solicitude de declaración de utilidade pública.

g) A constitución dunha federación ou a integración nela, se xa existise.

h) A modificación dos presentes estatutos.

i) A disolución do GAC.

j) A admisión de novas persoas asociadas ao GAC, **no caso do especificado no artigo 6.5**

#### **Artigo 15. Dos acordos da Asemblea Xeral.**

1. Os acordos da Asemblea Xeral adóptanse como regra xeral por maioría simple de votos. A Presidencia do GAC ostenta voto de calidade en caso de empate.

2. O nomeamento das persoas que ostenten o cargo de vogais da Xunta Directiva realizarase a través dos sectores establecidos no artigo 8.

Os vogais de cada sector só poderán ser elixidos polas persoas representantes da Asemblea do respectivo sector.

3. Requiren o voto dos dous terzos dos membros da Asemblea Xeral os acordos referidos nas letras c), f), i) e j).

#### **Artigo 16. Da Xunta Directiva.**



1. A Xunta Directiva, por delegación da Asemblea Xeral, asume a dirección da entidade e estará integrada pola Presidencia, a Vicepresidencia, a Secretaría e a Tesourería, que serán as mesmas que ocupen estes cargos na Asemblea Xeral, e vinte e catro vogais, incluíndo a Presidencia e a Vicepresidencia.

2. A persoas que ostenten o cargo de vogais da Xunta Directiva son nomeadas na Asemblea Xeral a proposta de cada un dos sectores segundo a seguinte representatividade:

- a) **Nove** representantes do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola.
- b) Tres representantes sociais:
  - i. dous representantes das asociacións socio-culturais, deportivas, ecoloxistas recreativas e educativas.
  - ii. Un representante das asociacións de mulleres.
- c) **Tres representantes económicos:**
  - i. dous representantes das organizacións sindicais, asociación de empresarios/as e demais axentes económicos
  - ii. Un representante **dos grupos de desenvolvemento rural**.
- d) Tres representantes das administracións públicas locais e entidades do sector público dependentes.

3. A delegación de voto ou representación soamente poderá realizarse nunha persoa representante do mesmo sector, dos establecidos no artigo 8 dos presentes Estatutos.

4. A Secretaría e a Tesourería actuarán con voz pero sen dereito a voto.

5. Todos os cargos da Xunta Directiva son honoríficos e gratuítos e o seu nomeamento farase por un período de catro anos, podendo ser reelixidos.

6. As persoas integrantes da Xunta cesarán por:

- a) Falecemento.
- b) Renuncia voluntaria.
- c) Transcurso do prazo para o que foron elixidos.

Nos supostos b) e c) será necesario realizar un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ao día á persoa sucesora, ou esperar a que a Asemblea Xeral nomee temporalmente un/ha substituto/a.

O nomeamento dos novos membros rexerese polas mesmas normas que para a primeira elección.

## **Artigo 17. Das funcións da Xunta Directiva.**

1. Serán funcións da Xunta Directiva as seguintes:

- a) Resolver o procedente sobre cantas cuestións afecten a boa marcha da entidade e sexan sometidas á súa consideración pola Asemblea Xeral ou se poidan suscitar con carácter de rogo ou pregunta por calquera das persoas representantes das entidades asociadas.
- b) Promover a administración da asociación de conformidade cos Estatutos, regulamentos e decisións da Asemblea Xeral.
- c) Nomeamento das persoas administradoras e representantes.
- d) Admitir**, suspender ou dar de baixa a membros do GAC con suxeición ao previsto nos Estatutos.
- e) A expulsión de persoas asociadas.
- f) Cumprir e facer cumprir as normas estatutarias, de carácter regulamentario, no seu caso, e os acordos que adopte a Asemblea Xeral.
- g) Resolver as dúbidas que se susciten sobre a interpretación das normas estatutarias, regulamentos e normativas internas e suplir as súas posibles omisións, sen prexuízo de someter as súas decisións á primeira Asemblea Xeral que se celebre.

- h) Aprobar as normas regulamentarias.
- i) Estudo e informe dos orzamentos e contas anuais.
- j) Presentar anualmente á Asemblea Xeral:
  - a. Informe económico-financeiro anual
  - b. A conta xeral de ingresos e gastos, explicativa da marcha da entidade durante o exercicio.
  - c. Orzamento anual de gastos e ingresos.
- k) Estudo, planificación e control das actividades económicas e financeiras da asociación.
- l) Organizar, coordinar as actividades e distribuír os traballos e responsabilidades entre as persoas representantes **dos socios**, designando comisións de estudo e traballo.
- m) Planificar os programas e actividades que desenvolva a asociación.
- n) Coñecer e aprobar, se procedese, a memoria de actividades sociais realizadas e das que se pretendan realizar.
- o) Adoptar e executar accións de goberno e administración do GAC.
- p) A xestión como entidade colaboradora de subvencións para a realización de proxectos dirixidos ao cumprimento dos fins da asociación e recollidos no capítulo IV do Título IV do Regulamento 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Pesca.
- q) A avaliación e elevación das propostas de resolución dos proxectos presentados ao abeiro das convocatorias de axudas realizadas pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.
- r) Contratación do persoal e expedientes de contratación. Para o desenvolvemento destas actuacións a Xunta Directiva poderá constituír mesas de contratación cuxa composición será como mínimo de cinco membros, que deberán formar parte da Xunta Directiva do GAC. Formará parte en todo caso desta mesa a Presidencia do GAC ou Vogal en quen delegue.
- s) Asesoramento á Presidencia.
- t) En xeral, desenvolver cantas accións se dirixan ao mellor cumprimento dos obxectivos e fins sociais, sempre que non estean atribuídos á Asemblea Xeral.

2. Para o exercicio destas competencias, a Xunta Directiva poderá apoiarse no equipo técnico e de xestión do propio GAC ou solicitar o apoio de expertos/as externos na materia.

### **Artigo 18. Das reunións da Xunta Directiva.**

1. A Xunta Directiva reunirse, con carácter ordinario, **catro veces ao ano**, **unha cada trimestre**, e, con carácter extraordinario, cando, pola urxencia dos asuntos que se deban tratar, o dispoña a Presidencia ou ben o solicite razoadamente algún ou algúns dos seus membros, sendo obrigada a asistencia destes, excepto por causa xustificada.

2. As reunións da Xunta Directiva serán convocadas por escrito, con indicación da orde do día. As ordinarias convocaranse cunha antelación **dunha semana**, e as extraordinarias con **corenta e oito horas** de antelación, polo procedemento máis adecuado.

3. O quórum de constitución, en primeira convocatoria, será a maioría simple, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asistentes. En ambos os casos haberá de estar presente a Presidencia ou Vicepresidencia e a Secretaría.

4. O quórum de votación necesario para a adopción de acordos válidos será o da maioría simple de asistentes á reunión.

### **Artigo 19. Da Presidencia do GAC.**

1. A Presidencia asume a representación legal da entidade para todos os efectos, tanto en xuízo como fóra dela, e ostenta o voto de calidade en caso de empate nas votacións.

2. Correspóndelle dirixir, ordenar e arbitrar os debates, tanto na Xunta Directiva como na Asemblea Xeral, así como:

- a) Convocar e fixar a orde do día das reunións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral, presidíndoas.
- b) Ordenar os gastos e pagos da entidade, asinando, xunto coa Tesourería, os talóns, recibos e outros documentos análogos.
- c) Autorizar coa súa firma cantos escritos e comunicacións esixa a marcha da entidade, así como visar os documentos autorizados pola Secretaría, especialmente se teñen o carácter de certificacións.
- d) Executar os acordos sociais e asumir e realizar cantas encomendas se lle confíen, tanto por acordo da Xunta Directiva como pola Asemblea Xeral.
- e) Visar as actas das reunións e vixiar a execución dos acordos adoptados.
- f) Subscribir contratos a nome da asociación, outorgar poderes a terceiros, interpor reclamacións administrativas e ante a xurisdición ordinaria e as especiais, aceptar donativos, legados e herdanzas, exercitar accións e opor excepcións.
- g) A xefatura do cadro de persoal da entidade.
- h) Redactar a memoria social anual da entidade.
- i) A comunicación permanente e relación a cantos asuntos sexan de competencia do GAC coas Administracións Públicas.

3. A Presidencia cesará por:

- a) Falecemento.
- b) Renuncia voluntaria.
- c) Transcurso do prazo para o que foron elixidos.

Nos supostos b) e c) será necesario realizar un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ao día á persoa sucesora, ou esperar a que a Xunta Directiva nomee temporalmente unha substituta.

O nomeamento da nova Presidencia rexerese polas mesmas normas que para a primeira elección.

### **Artigo 20. Da Vicepresidencia.**

1. O/a vicepresidente/a substituirá o/a presidente/a en caso de ausencia, enfermidade ou vacante, e desempeñará as funcións que nel delegue o/a presidente/a.

2. O/a vicepresidente/a cesa polos mesmos motivos que o/a presidente/a. Así mesmo, élle aplicable todo o previsto no apartado 3 do artigo anterior en canto sexa compatible.

### **Artigo 21. Da Secretaría.**

Á Secretaría correspóndelle o exercicio das funcións propias do seu cargo, así como:

- a) Actuar como tal en todas as reunións. Na Xunta Directiva actuará con voz pero sen dereito a voto.
- b) Custodiar os libros e documentos, excepto os de contabilidade, selos e o ficheiro da entidade.
- c) Dirixir, organizar e coordinar o desenvolvemento administrativo da entidade.
- d) Redactar e anotar nos libros correspondentes as actas das reunións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral, e expedir certificacións destes co visto e prace da Presidencia.
- e) Levar a correspondencia ordinaria.
- f) Levar o inventario de bens nun libro establecido para o efecto.

### **Artigo 22. Da Tesourería.**

Á Tesourería corresponderalle:

- a) Actuar como tal en todas as reunións. Na Xunta Directiva actuará con voz pero sen dereito a voto.
- b) Recadar os fondos da entidade, custodialos e investilos do modo que determine a Xunta Directiva.
- c) Efectuar os pagos ordenados pola Presidencia.
- d) Velar pola boa orde económica da entidade, así como polo máis adecuado investimento orzamentario, de acordo cos obxectivos e fins da asociación.
- e) Dirixir e ordenar a contabilidade.
- f) Confeccionar a conta xeral de ingresos e gastos, así como o orzamento anual de gastos e ingresos.

### **Artigo 23. Dos/as vogais da Xunta Directiva.**

1. As persoas que ostenten o cargo de vogais desempeñarán as funcións xenéricas do seu cometido, sen prexuízo daquelas que procedan e que concretamente a cada un deles lles sexan atribuídas por acordo da Xunta Directiva.

2. Os/As vogais cesarán por:

- a) Falecemento.
- b) Renuncia voluntaria.
- c) Transcurso do prazo para o que foron elixidos/as.

Nos supostos b) e c) será necesario realizar un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ao día á persoa sucesora, ou esperar a que a Xunta Directiva nomee temporalmente unha substituta.

## **TITULO VI REXIME ECONÓMICO**

### **Artigo 24. Do patrimonio inicial.**

O GAC carece de patrimonio inicial e fixará o seu orzamento anualmente.

### **Artigo 25. Das contas anuais.**

Anualmente con referencia ao último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria que será posta a disposición das persoas representantes das entidades sociais, durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a celebración da asemblea xeral ordinaria, que deberá aprobalas ou censuralas.

### **Artigo 26. Do orzamento.**

Anualmente e no primeiro trimestre de cada ano, será aprobado o orzamento pola Asemblea Xeral ordinaria, con referencia ao último día do exercicio económico de cada ano.

### **Artigo 27. Da dispoñibilidade de fondos.**

Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde o GAC os teña depositados, terán recoñecidas as firmas na entidade bancaria correspondente a Presidencia e a Tesourería, para a utilización conxunta deles.

### **Artigo 28. Do destino dos recursos.**

Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre persoas representantes nin entidades sociais os recursos obtidos polo GAC.

### **Artigo 29. Dos recursos económicos.**

A asociación nutrirase dos seguintes recursos económicos:

- a) Das cotas ordinarias e derramas extraordinarias que poidan establecerse.
- b) Das doazóns e legados a favor do GAC.
- c) Das subvencións que lle poidan ser concedidas por calquera institución pública ou privada, local, provincial, autonómica, nacional ou estranxeira.
- d) Calquera outro ingreso permitido pola lexislación vixente.

### **Artigo 30. Das cotas e contribucións dos asociados**

A contía das cotas e contribucións das persoas asociadas será proposta pola Xunta Directiva e aprobada en asemblea xeral, que determinará así mesmo o modo en que se farán efectivas.

## **TÍTULO VII SUPOSTO DE DISOLUCIÓN DO GAC**

### **Artigo 31. Da disolución do GAC.**

O GAC establécese por tempo indefinido e poderá disolverse, no seu caso, nos supostos seguintes:

- a) Por vontade dos socios, mediante acordo adoptado pola Asemblea Xeral extraordinaria convocada para o efecto, e co quórum que determina o artigo 15.2.
- b) Por ser imposible a consecución dos fins para os que foi constituído.
- c) Por incumprimento reiterado dos fins para os que foi creado.
- d) Por sentenza xudicial firme.
- e) Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.
- f) Polas restantes causas previstas na lexislación vixente.

### **Artigo 32. Da liquidación do GAC.**

1. No caso da disolución a Asemblea Xeral elixirá entre as persoas que a integran a tres delas para constituír a correspondente Comisión Liquidadora, e a de maior idade ostentará a súa Presidencia.
2. A Comisión Liquidadora farase cargo do patrimonio existente, satisfará as obrigacións pendentes e cobrará os créditos pendentes se existisen.
3. O remanente, en caso de existir, será entregado a calquera entidade legalmente constituída que se dedique a fins idénticos ou, na súa falta, análogos aos deste GAC.
4. A Comisión, así mesmo, solicitará a cancelación dos asentos no Rexistro.
5. En caso de insolvencia, a Comisión haberá de promover inmediatamente o oportuno procedemento concursal ante o xulgado competente.

En ....., a..... de.....de 2008”

Non producíndose intervencións e sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Facenda e Promoción económica acorda por unanimidade dos Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión dictaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 15 de setembro de 2008 que devén en dictáme nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria, o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 18 de setembro de 2008 sendo aprobado por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 18 de setembro de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

### **3º.- COMPLEMENTO ACORDO ADOPTADO EN SESIÓN PLENARIA DE DATA 7 DE AGOSTO DE 2008, RELATIVO Á FIXACIÓN DA CONTÍA A PERCIBIR POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN EN CONCEPTO DE ASISTENCIAS AOS ÓRGANOS COLEXIADOS.-**

A continuación, polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 18 de setembro de 2008 que transcrito di:

#### **“3.- COMPLEMENTO ACORDO ADOPTADO EN SESIÓN PLENARIA DE DATA 7 DE AGOSTO DE 2008 RELATIVO Á FIXACIÓN DA CONTÍA A PERCIBIR POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN EN CONCEPTO DE ASISTENCIAS AOS ÓRGANOS COLEXIADOS**

Seguidamente dáse conta da proposta da Alcaldía de data 15 de setembro de 2008 que, transcrita di:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

De conformidade co previsto no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán retribucións pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación da que formen parte, na contía sinalada polo Pleno da mesma.

Visto que o Pleno do Concello, en sesión celebrada en data 7 de agosto de 2008 adoptou o acordo de fixación das novas asignacións por asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados e advertido un erro no citado acordo no sentido de que no mesmo non se reflectiron a contía das asistencias ó Pleno

#### **PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**Primeiro.-** Complementar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión de data 7 de agosto de 2008, quedando fixadas as seguintes contías a percibir polos membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial por asistencias aos órganos colexiados que se especifican:

-Por asistencia efectiva ó Pleno do Concello:

- Sesión ordinaria: 372,56 € /sesión.
- Sesión extraordinaria: 77,39 €/sesión.
- Por asistencia efectiva á Xunta de Delegados: 336,07 €/sesión
- Por asistencia efectiva á Xunta de Goberno Local: 25,00 €/sesión.
- Por asistencia efectiva á Xunta de Voceiros: 25,00 €/sesión.

**Segundo.-** En caso de concorrer dúas ou máis sesións do Pleno ou Xunta de Goberno Local no mesmo día e cuxa hora de inicio, segundo convocatoria, non difira en máis de tres horas, os Sres/as Concelleiros/as de que se trate percibirán a cantidade correspondente a unha soa sesión, aplicándose a sinalada á de maior contía.

**Terceiro.-** A contía das indemnizacións fixadas neste acordo serán revisadas para cada exercicio orzamentario con efectos de 1 de xaneiro, na forma que establezan as bases de execución do orzamento de cada exercicio.

**Cuarto.-** Deixar sen efecto o acordo sobre asignacións en concepto de asistencias a órganos colexiados adoptado en sesión celebrada en data 12 de xullo de 2007.

**Quinto.-** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.”

Aberto o turno de intervencións (.../...)

Rematadas as intervencións e sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica acorda por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistente á sesión dictainar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 15 de setembro de 2008 que devén en dictáme nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria, o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 18 de setembro de 2008 sendo aprobado por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 18 de setembro de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

#### **4º.- APROBACIÓN PROVISIONAL DO REGULAMENTO DE SELECCIÓN DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DO SERVIZO DE COMIDA A DOMICILIO (PROGRAMA “XANTAR NA CASA)).-**

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade de data 25 de Setembro de 2008 que transcrito di:

#### **“APROBACIÓN PROVISIONAL REGULAMENTO DE SELECCIÓN DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DO SERVIZO DE COMIDA A DOMICILIO (PROGRAMA “XANTAR NA CASA”).-**

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 22 de Setembro de 2008 que transcrita literalmente di:

#### **“PROPOSTA**

Visto o Regulamento de selección das persoas beneficiarias do servizo de comida a domicilio ( Programa “Xantar na Casa”).

Visto o informe da traballadora social, D<sup>a</sup> Manuela Real Rego, de data 19 de setembro de 2008.

Vistos os artigos 22 e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACION A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

**Primeiro.-** Aprobar provisionalmente o Regulamento de selección das persoas beneficiarias do servizo de comida a domicilio ( Programa “Xantar na Casa”) que se transcribe como Anexo..

**Segundo.-** Expoñer o Regulamento a información pública e audiencia aos interesados por prazo de trinta días para que poidan presentarse reclamacións e suxerencias que, de producirse, deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación. De non producirse reclamacións ou suxerencias durante o devandito prazo o regulamento consideraráse definitivamente aprobado.

#### **ANEXO**

## **REGULAMENTO DE SELECCIÓN DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DO SERVIZO DE COMIDA A DOMICILIO ( PROGRAMA “XANTAR NA CASA”)**

### **EXPOSICIÓN**

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, por encomenda da Secretaría Xeral de Benestar da Vicepresidencia da Xunta de Galicia, oferta ao Concello de Fene, tras unha selección previa entre os concellos de Galicia, a posibilidade de adherirse mediante convenio de colaboración para a implantación do Programa “Xantar na Casa” no Concello de Fene.

O programa “Xantar na Casa” é un servizo de comida a domicilio que pretende facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás necesidades de persoas maiores e/ou dependentes, con déficits de autonomía persoal, para cubrir as súas necesidades básicas relacionadas coas compras e/ou elaboración de menús.

O programa consiste na entrega a domicilio do xantar das persoas seleccionadas polos servizos sociais municipais do Concello, que cumpran os requisitos establecidos. Dito programa artículase a través da xestión directa por parte do Consorcio en colaboración coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e cos Concellos consorciados. Esta colaboración formalizarase mediante a sinatura do correspondente convenio.

O presente regulamento ten como finalidade a de regular a selección dos/as usuarios/as do programa de referencia, en condicións de transparencia e igualdade para os veciños e veciñas do Concello de Fene que cumpran o perfil de posibles beneficiarios/as do servizo, .

### **ARTIGO 1.- OBXECTO.-**

A presente disposición ten por obxecto regular a selección dos/as usuarios/as do servizo de comida a domicilio ( Programa “Xantar na Casa”):

### **ARTIGO 2.- PERSOAS BENEFICIARIAS DO PROGRAMA**

Poderán ser beneficiarios/as do servizo as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

1.- Estar nalgunha das seguintes situacións:

a) Persoas maiores de 60 anos, que teñan limitada a súa capacidade de autonomía persoal, e sen rede de apoio que puidera suplir tal situación, ou que esta sexa inaxeitada ou insuficiente.

b) Persoas dependentes, que carezan de apoio familiar, ou que esta sexa inaxeitada ou insuficiente e que requiran da axuda para a preparación de alimentos.

c) Persoas menores de 60 anos en situación de exclusión social, técnicamente avaliada.

2.-Con empadramento e residencia efectiva no Concello de Fene.

3.- Cumprir as seguintes condicións económicas respecto aos ingresos mensuais do conxunto da unidade familiar, así como o referente ao capital mobiliario e/ou inmobiliario que se posúa na mesma:

- Ingresos Regulares: que os recursos económicos da unidade de convivencia non supere unha renda percápita de 150 % do IPREM (Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples), que para o presente exercicio suporá un límite de 775,35 euros ao mes por cada membro da unidade de convivencia.



- Capital inmobiliario: Excluíranse aquelas persoas que posúan bens mobles ou inmobles sobre os que se teña calquera clase de dereito que pola súas características, valoración, posibilidades de explotación ou venda indique a existencia de medios suficientes. Exceptúase a vivenda propia sempre que a súa valoración catastral non supere 10 anualidades do S.M.I. vixente para o exercicio 2008 que ascende a unha contía de 84.000 euros.
- Capital mobiliario: Entenderanse medios económicos suficientes no que respecta aos recursos procedentes do capital mobiliario, e a efectos de valoración para a resolución das solicitudes ao abeiro deste programa, os que superen as 15.000 euros en contas de aforros e/ou investimentos que posúa a unidade familiar (terase en conta o saldo a 31 de decembro/2007 da/s certificacións bancarias presentadas). Aqueles solicitantes que superen este saldo bancario, aínda que reúnan o resto dos requisitos, non poderán beneficiarse deste programa.

4.- Acadar a puntuación suficiente para acceso ao número de prazas que oferta o Concello en función do baremo de puntuación contido no presente regulamento.

### **ARTIGO 3.- NÚMERO DE USUARIOS/AS.**

O número de persoas beneficiarias será o que en cada momento oferte ou conceda o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e do Benestar.

### **ARTIGO 4.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

Trimestralmente publicarase unha convocatoria para a solicitude de prestación do servizo. A convocatoria establecerá o prazo de presentación de solicitudes.

A convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboeiro de edictos do Concello e na páxina web do Concello ( [www.fenecidadan.net](http://www.fenecidadan.net)).

As solicitudes formalizaranse mediante escrito dirixido ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Fene, debendo conter os datos aos que se refire o artigo 70 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, e Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

### **ARTIGO 5.- DOCUMENTACIÓN**

Xunto a solicitude os/as interesados/as deberán presentar a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI de todas as persoas da unidade de convivencia maiores de 18 anos.
- Fotocopia compulsada do libro de familia e Título de Familia Numerosa, no seu caso.
- Fotocopia da sentenza de separación ou divorcio ou convenio regulador, no seu caso.
- Xustificantes( orixinais ou copia compulsada) dos ingresos da unidade familiar referentes aos 3 meses anteriores á solicitude, así como fotocopia compulsada da última declaración da renda das persoas físicas ou no seu defecto, certificación negativa de facenda.
- Certificacións das contas bancarias da unidade de convivencia e referidas ao exercicio inmediatamente anterior.
- Xustificantes dos gastos de vivenda referidos aos 3 meses anteriores á solicitude.(orixinais ou copias compulsadas)
- Recibo de contribución da vivenda propia e demais propiedades que posúan os compoñentes da unidade de convivencia(orixinal ou copia/s compulsada/s).
- Declaración Xurada de ingresos, segundo o modelo oficial.
- Informes médicos, no seu caso
- Documentos acreditativos das circunstancias persoais, sociais e económicas que se presenten para ser puntuadas no baremo de acceso ao programa e que se recolle no artigo 7 do presente regulamento.

## ARTIGO 6.- TRAMITACIÓN

Se do exame da solicitude e documentación aportada se deduxera que a mesma é incompleta ou defectuosa, dende os servizos sociais do Concello requirirase ao/a solicitante para que no prazo de dez(10) días aporte a documentación necesaria ou subsane os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de non se presentar no prazo indicado teráselle por desestimada a súa solicitude, previa resolución, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Unha vez completado o expediente procederase á súa avaliación polos/as traballadores/as sociais do Concello, quen es emitirán un informe social que incluírá a puntuación acadada polo/a solicitante segundo o baremo recollido no artigo 7 do presente regulamento e elevarán unha proposta de resolución ao órgano competente para resolver.

Os/as solicitantes que non resultaran seleccionados/as pasarán a formar parte dunha lista de reserva segundo a puntuación acadada, sendo renovada a mesma no momento de efectuarse unha nova convocatoria.

O prazo máximo para a resolución do expediente será de tres meses.  
A resolución notificarase os/as interesados/as no lugar por eles indicado para este fin.

## ARTIGO 7.- BAREMO PARA A SELECCIÓN DAS PERSOAS USUARIAS.

As solicitudes presentadas serán valoradas polos/as traballadores/as sociais dos servizos sociais do Concello, os/as cales para determinar a preferencia de acceso ao servizo aplicarán o seguinte baremo:

<b>Apartado I: Circunstancias económicas.</b>	<b>Puntuación</b>
R.P.C. inferior ao 50 % do IPREM: inferior a 258,45 euros ao mes.	<b>10</b>
R.P.C. superior ao 50 e ate o 75 % IPREM: maior de 258,45 e menor de 387,67 euros.	<b>8</b>
R.P.C. superior ao 75 % e ate o 100 % do IPREM: maior de 387,67 e menor de 516,90 euros.	<b>6</b>
R.P.C. superior ao 100 % e ate o 125 % do IPREM maior de 516,90 e menor de 646,12 euros.	<b>4</b>
R.P.C. superior ao 125 % e ate o 150 % do IPREM: maior de 516,90 e menor de 775,35 euros.	<b>2</b>
R.P.C. superior ao 150 % do IPREM: maior de 775,35 euros.	<b>0</b>
<b>Apartado II: Circunstancias socio-familiares</b>	<b>Puntuación</b>
Situación de dependencia recoñecida ao abeiro da Lei/39/2006 de 14 de decembro, GRADO III niveis 1 e 2	<b>8</b>
Situación de dependencia recoñecida ao abeiro da Lei/39/2006 de 14 de decembro, GRADO II niveis 1 e 2	<b>6</b>
Situación de dependencia recoñecida ao abeiro da Lei/39/2006 de 14 de decembro, GRADO I niveis 1 e 2	<b>4</b>
Ser usuario/a do servizo de axuda no fogar e ter limitacións persoais e/ou escaso ou nulo	<b>6</b>

apoio familiar.	
Ser usuario/a do servizo de teleasistencia domiciliaria e ter limitacións persoais e/ou escaso ou nulo apoio familiar.	<b>4</b>
Ser usuario/a do transporte adaptado e ter limitacións persoais e/ou escaso ou nulo apoio familiar.	<b>4</b>
Existencia de problemática familiar: malos tratos, desestructuración familiar, cargas familiares en solitario, necesidade de conciliación familiar, etc. que se indicarán	<b>6</b>
Por cada persoa da unidade familiar con recoñecemento legal de minusvalía. (excluídas as persoas valoradas como dependentes) Graos iguais ou superiores ao 75 % minusvalía.	<b>3</b>
Por cada persoa da unidade familiar con recoñecemento legal de minusvalía. (excluídas as persoas valoradas como dependentes) Graos dende o 33 e ate o 74 % minusvalía.	<b>1</b>
Perceptor/as de pensións non contributivas.	<b>2</b>
<i>Situación de exclusión social:</i> perceptores de Risga, Rai, desemprego de longa duración, usuarios/as do Plan Galego de Inclusión Social, Drogodependentes, e outras circunstancias de exclusión social técnicamente avaliadas.	<b>6</b>
Por ter 80 anos de idade, e por cada 5 anos que superen esta idade.	<b>1</b>
<b>Apartado III: Vivenda</b>	<b>Puntuación</b>
Por vivenda en aluguer	<b>3</b>
Por vivenda propia en amortización	<b>3</b>
Carecer de vivenda e estar en convivencia con familia ou outras persoas.	<b>2</b>
Por carecer de vivenda e vivir en precario, agás vivendas cedidas pola familia, que non se valorará.	<b>3</b>

## **ARTIGO 8.- CAUSAS DE EXTINCIÓN DA CONDICIÓN DE USUARIO/A**

A condición de usuario/a do servizo extinguiráse polas seguintes causas:

- Falecemento do/a usuario/a
- A petición do/a usuario/a.
- Desaparición dos requisitos e das causas que motivaron a súa condición de persoa beneficiaria do programa.
- Ingreso nunha institución pública ou privada.
- Ocultación ou falsidade dos datos que se tiveron en conta para a adquisición da condición de persoa beneficiaria.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado íntegramente no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.”

Aberto o debate (.../...)

Rematado o debate, e sometido o asunto pola Presidencia a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade acoda por unanimidade dos/das Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 22 de Setembro de 2008 que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria, o ditame da Comisión Informativa de Dinamización Social, Bemestar e Igualdade de data 25 de setembro de 2008 sendo aprobado por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Dinamización Social, Bemestar e Igualdade de data 25 de setembro de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

#### **5º.- APROBACIÓN PROVISIONAL DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DAS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA VALORADA.-**

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Dinamización social, Benestar e Igualdade de data 25 de Setembro de 2008 que, transcrito di:

#### **“3º.- APROBACIÓN PROVISIONAL REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DAS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA VALORADA.-**

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 22 de Setembro de 2008 que transcrita literalmente di:

#### **PROPOSTA**

Visto o Regulamento do servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia valorada.

Visto o informe da traballadora social, D<sup>a</sup> Manuela Real Rego, de data 19 de setembro de 2008.

Vistos os artigos 22 e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

**PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACION A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**Primeiro.-** Aprobar provisionalmente o Regulamento do servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia valorada que se transcribe como Anexo.

**Segundo.-** Expoñer o Regulamento a información pública e audiencia ás persoas interesadas por prazo de trinta días para que poidan presentarse reclamacións e suxerencias que, de producirse, deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación. De non producirse reclamacións ou suxerencias durante o devandito prazo o regulamento consideraráse definitivamente aprobado.

#### **ANEXO**

#### **REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO PARA PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA VALORADA.**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha vez aprobada a Lei 39/2006 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, resulta necesario establecer un novo marco regulador municipal de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedimentais e organizativos do servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia valorada, de maneira que se establezan pautas de carácter xeral que aseguren un nivel equitativo de atención a todas as persoas en situación de dependencia, ás que a Lei lles recoñece o dereito ao servizo público de axuda no fogar.

O artigo 4.3 do Decreto 176/2007, do 6 de decembro establece que as entidades locais de Galicia participarán na xestión dos servizos de atención á dependencia nos termos establecidos no mesmo e demais normativa autonómica en materia de servizos sociais.

O Concello de Fene, dentro das competencias que lle atribúe a normativa vixente regula no presente regulamento a aplicación no seu ámbito territorial, da Lei de Dependencia no referente ao Servizo Público de Axuda no Fogar .

### **Artigo 1.- PERSOAS BENEFICIARIAS E REQUISITOS DE ACCESO:**

Terán a condición de beneficiarias do servizo as persoas nas que concorran os seguintes requisitos:

a) Persoas recoñecidas como dependentes ao abeiro da Lei 39/2006 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en situación de dependencia, co grao e nivel que corresponda de acordo co calendario de aplicación da lei, que se indica de seguido, e con resolución do Plan Individualizado de Atención (PIA) no que se lle recoñeza o citado servizo, xa sexa como servizo principal ou como respiro familiar, con indicación da intensidade recoñecida.

*Cadro de implantación do sistema de dependencia, que será de aplicación tamén para o servizo de axuda no fogar:*

<b>Anos</b>	<b>Graos</b>	<b>Niveis</b>
2007	Grado III Gran dependencia	2 e 1
2008-2009	Grao II dependencia severa	2
2009-2010	Grao II dependencia severa	1
2011-2012	Grao I. Dependencia moderada	2
2013-2014	Grao I dependencia moderada	1

b) Persoas empadroadas e con residencia efectiva no Concello de Fene.

### **Artigo 2.- DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS:**

As persoas usuarias do servizo, ademais dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen no artigo 36 da lei 4/1993, de servizos sociais, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade.

2. A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.
3. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
4. Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
5. A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.
6. A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

### **Artigo 3.- DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS.**

As persoas usuarias, ademais dos deberes que con carácter xeral se contemplan no artigo 37 da lei 4/1993, de servizos sociais, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando a execución das tarefas ao persoal ao cargo e poñendo á súa disposición, se fose o caso, os medios materiais necesarios.
2. Colaborar no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
3. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
4. Informar dos cambios de calquera circunstancia persoal, familiar ou económica que puidese dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.
5. Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na ordenanza municipal.
6. A comunicar con dez días de antelación calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.

### **Artigo 4.- DEFINICIÓN DO SERVIZO E ATENCIÓNS QUE PRESTA:**

O servizo de axuda no fogar das persoas valoradas en situación de dependencia ao abeiro da lei de dependencia e autonomía persoal, é un conxunto de actuacións levadas a cabo no domicilio de ditas persoas co fin de atender as súas necesidades da vida diaria e/ou incrementar a súa autonomía, posibilitando a permanencia no seu domicilio o maior tempo posibel.

1.- O servizo comprende os seguintes tipos de atencións:

*a) Atención de carácter persoal na realización das actividades da vida diaria tales como:*

-Apoio e asistencia para levantarse e deitarse; para a hixiente persoal, vestirse e alimentarse; para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal e apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia, así como aquelas outras actividades relacionadas co coidado e a atención persoal.

-Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.

b) *Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como* limpeza da casa, compra de alimentos e outros produtos de uso común, cociña, lavado, coidado da roupa e similares.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por servizos complementarios como lavandería ou alimentación a domicilio.

c) *Atencións de carácter psicosocial e educativo:* intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, a afectividade, a convivencia e a integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e a calidade de vida.

3. En todo caso as atencións prestadas terán un carácter complementario e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

#### **Artigo 5.- INTENSIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO E HORARIOS DE ATENCIÓN:**

5.1.- A intensidade na prestación do servizo de axuda no fogar determinarase en función do número de horas que se lle estableza á persoa beneficiara a través do seu Programa Individual de Atención notificado á persoa interesada dende a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, concedéndoselle o número de horas posibles contido no intervalo de horas mensuais ao que lle dá dereito á lei segundo o grao e nivel de dependencia co que sexa recoñecido a persoa solicitante, en atención á seguinte táboa:

<b>Grao e nivel recoñecido</b>	<b>Número de horas de atención</b>
Grao III nivel 2 Gran dependencia	Entre 70 e 90 horas mensuais
Grao III nivel 1 Gran dependencia	Entre 55 e 70 horas mensuais
Grao II nivel 2 Dependencia Severa	Entre 40 e 55 horas mensuais
Grao II nivel 1 Dependencia Severa	Entre 30 e 40 horas mensuais

5.2.- Os horarios de desenvolvemento do servizo serán os compendidos entre as 08:00 horas e as 20:30 horas, preferentemente, acordándose coa persoa ou persoas usuarias e/ou familias responsables, os horarios máis axeitados as súas necesidades.

#### **Artigo 6.- ACCESO AO SERVIZO E PROCEDEMENTO DE ALTAS NO SERVIZO MUNICIPAL:**

6.1.- O acceso ao servizo será directo para as persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne como recurso o de axuda no fogar na correspondente resolución do PIA, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro e na Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, polo que a resolución relativa ao Programa Individualizado de Atención terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo.

6.2.- Para proceder ás altas no servizo de axuda no fogar, as persoas interesadas deberán presentar no Rexistro Xeral de Entrada do Concello a correspondente solicitude á que deberán achegar orixinal ou copia compulsada da resolución de concesión do PIA no que se lle recoñeza o citado servizo, con indicación da intensidade recoñecida.

Asemade para a aplicación da ordenanza reguladora e alta no servizo municipal, para poder establecer a capacidade económica da persoa solicitante, o concello de Fene deberá dispoñer do expediente de dependencia ou valoración económica contida no mesmo, que solicitará de oficio, previa autorización expresa e escrita da persoa beneficiaria, ao Órgano de Valoración de Dependencia da Administración Autonómica.

Este expediente non se solicitará de oficio nos casos nos que polo órgano competente da Administración autonómica se indique no PIA de axuda no fogar da persoa dependente, cal é a súa capacidade económica.

6.3.- No caso de existencia de praza daráse de alta ao/á usuario/a no servizo de acordo coas normas e organización que rixe no mesmo, e en caso de non existencia de praza inmediata pasará a formar parte dunha lista de reserva que se establecerá en función da demanda do servizo. A orde de prelación desta lista virá determinada pola data de presentación no Rexistro Xeral de entrada do Concello da solicitude. Non obstante, nos casos de especial urxencia e/ou gravidade, que deberán ser xustificadas no correspondente informe que debe emitirse polos servizos sociais do Concello, poderá motivadamente darse preferencia as persoas que se atopen nesta situación fronte a outra/as solicitudes.

#### **Artigo 7.- PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS BENEFICIARIAS NA FINANCIACIÓN DO SERVIZO:**

Consonte ao establecido pola Lei 39/2006 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia e resto de normativa que a desenvolve, os/as beneficiarios/as deste servizo participarán na financiación do mesmo en función da súa capacidade económica persoal, pagando as cotas que se establezan a través da aplicación da correspondente ordenanza fiscal.

#### **Artigo 8.- PRINCIPIOS DE ORGANIZACIÓN E PROCEDEMENTO.**

8.1. O servizo de axuda no fogar das persoas en situación de dependencia valorada estará integrado nos servizos sociais de atención primaria de titularidade municipal e será coordinado por un/unha profesional do traballo social do equipo técnico dos servizos sociais municipais.

8.2. No acceso directo ao servizo para as persoas usuarias con dependencia valorada, a resolución relativa ao programa individualizado de atención terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo, tal e como se especificou no artigo nº 6.

8.3. Unha vez notificada a resolución de concesión do servizo, deberá formalizarse entre o Concello e a persoa/ usuaria/as o correspondente documento onde se farán constar as condicións básicas da prestación.

8.4. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar que estarán en posesión da cualificación profesional específica para o exercicio das súas funcións.

8.5. Na prestación do servizo, ademais do persoal profesional, poderá colaborar persoal voluntario baixo a supervisión técnica dos servizos sociais da entidade local titular do servizo.

#### **8.6.- -Normas xerais de funcionamento do servizo:**

A sinatura do Acordo entre a persoa usuaria e o Concello supón a aceptación do servizo nas condicións establecidas no mesmo no tocante á asignación de horarios, así como á aceptación das normas que rexen o funcionamento do mesmo e que son as seguintes:



a) A actuación do/a auxiliar de axuda no fogar no domicilio do/s usuario/s debe axustarse ao PIA, plan de traballo e ao acordo técnicamente establecidos e formalizados entre os Servizos Sociais e a persoa usuaria do mesmo, ou familia responsable, non realizando tarefas non recollidas nel, nin modificando sen previa autorización expresa as variables contidas no mesmo (horario, días de atención, etc).

b) O/A auxiliar de axuda no fogar non traballará no domicilio da persoa usuaria en ausencia desta.

c) O/A auxiliar non deberá facilitar o teléfono persoal nen o seu enderezo á persoa que atende, sendo as relacións entre ambos/as estrictamente profesionais e se realizarán a través da persoa coordinadora do servizo.

d) O/A auxiliar de axuda no fogar non poderá utilizar o seu vehículo propio para os desprazamentos dos/as usuario/as e familia.

e) O/a auxiliar de axuda no fogar non disporá de chaves dos domicilios nos que traballe, agás casos especiais é a demanda e con autorización escrita do/a usuario/a e sempre con autorización dos Servizos Sociais do Concello.

f) Calquera queixa ou suxestión da persoa que está sendo atendida ou da súa familia, deberá poñerse en coñecemento do persoal técnico responsable no concello, e nunca será dirimida ou resolta entre traballador/a e usuario/a.

g) Para calquera modificación xustificada dalgún aspecto do servizo (horarios, días de atención, tarefas, etc) a persoa deberá acudir ao responsable do programa nos Servizos Sociais, quen procederá a estudar esa demanda, asemade se fose preciso realizar por causas xustificadas ou por necesidades do servizo, calquera variación nos horarios, días de atención, traballadoras designadas a cada caso, etc. poderase realizar tras consentemento da persoa beneficiaria, previa resolución adoptada polo órgano competente, procedéndose nestes casos á formalización dun anexo do documento inicialmente asinado.

h) De forma xeral a través do servizo non se realizarán tarefas non especificadas no Acordo asinado co Concello, e concretamente:

- Limpezas de portais e escaleiras de comunidade.
- Limpeza de lámpadas, teitos e paredes.
- Limpezas xerais de cristais.
- Labores de xardín e horta.
- Alimentación e aseo de animais.

é dicir, ningunha que non sexa de verdadeira necesidade para as persoas que atende, poñendo sempre o acento na atención e cuidados persoais fronte á limpeza da vivenda, e en todo caso, en atención ao Acordo asinado por ambas partes.

i) En caso de baixa laboral por enfermidade, maternidade, vacacións do/a traballador/a ou outras causas, a persoa dependente será atendida por outro/a profesional que se designe, debendo serlle restablecido o servizo no prazo máximo de 1 semana.

j) Se con anterioridade ó 15 de xuño a persoa beneficiaria comunica por escrito a petición de suspensión do servizo no período vacacional: xullo, agosto ou ambos meses, terá dereito á reserva da súa praza ate o 1 de setembro.

k) As persoas beneficiarias terán dereito á suspensión temporal do servizo durante 3 meses cando, a petición propia e por causas xustificadas, deban ausentarse do seu fogar.

l) O/a Traballador/a Social responsable do servizo, realizará supervisións individuais e reunións periódicas de todos/as os/as auxiliares de axuda no fogar

Asismesmo lle corresponderá a coordinación e seguimento do servizo e usuario/as.

#### 8.7.-\_Seguimento e coordinación:

Para o seguimento do servizo realizaranse as seguintes actividades:

1.-Supervisións individuais do/a traballador/a social responsable con cada un/unha dos/as auxiliares de axuda no fogar, cunha periodicidade quincenal, que informarán verbalmente sobre a marcha do servizo, realización de actividades, cumprimento de obxectivos, problemáticas ou dificultades que se lles presentan no desenvolvemento do mesmo, etc. O/A auxiliar presentará por escrito os informes do traballo realizado nese período.

2.-Reunións grupais do conxunto dos/as auxiliares de axuda no fogar do servizo: seguimento e avaliación, información sobre programas, axudas e prestacións, coordinación en actuacións, directrices a seguir, recepción de demandas e suxestións do/as usuario/as e/ou dos/as profesionais implicados., etc. previa convocatoria do/a coordinador/a do programa.

3.-Entrevistas individuais de seguimento cos/as usuarios/as e realización de visitas domiciliarias, coa finalidade de coñecer o grao de satisfacción co desenvolvemento do servizo, recoller suxestións, demandas, ou para a solución de calquera necesidade ou problemática presentada pola persoa usuaria ou familia.

4.- Elaboración de informes anuais de avaliación dos/as auxiliares de axuda no fogar sobre cada unha das persoas atendidas, así como sobre o funcionamento do propio programa no que se encadran estas atencións.

5.-Elaboración polo/a traballador/a responsable de memoria avaliativa-resume do servizo e persoas beneficiarias atendidas anualmente.

#### **Artigo 9.- CAUSAS DE SUSPENSIÓN TEMPORAL DO SERVIZO.**

É causa de suspensión temporal do servizo, previo informe razoado do persoal técnico coordinador do mesmo, que deberá incorporarse ao expediente persoal a ausencia temporal do domicilio: Neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

#### **Artigo 10.- CAUSAS DE EXTINCIÓN DO SERVIZO.**

10.1. Son causas de extinción do servizo as seguintes:

1. A renuncia da persoa usuaria.
2. O cambio de programa individual de atención ou de proxecto de intervención que implique o cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
3. Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
4. Falecemento da persoa usuaria.
5. Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
6. A falta de pagamento do servizo.
7. Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

10.2. A extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo requirirá resolución do órgano competente para concedelo, previa tramitación do correspondente expediente, no que se dará audiencia, cando proceda, á persoa interesada.

## **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

En todo aquilo non previsto no presente regulamento, será de aplicación o disposto na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia e e á normativa estatal e autonómica que a desenvolve.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado íntegramente no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.”

Aberto o debate (.../...)

Rematado o debate, e sometido o asunto pola Presidencia a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade acoda por unanimidade dos/das Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 22 de Setembro de 2008 que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos.”

Non producíndose intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria, o ditame da Comisión Informativa de Dinamización Social, Bemestar e Igualdade de data 25 de setembro de 2008 sendo aprobado por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Dinamización Social, Bemestar e Igualdade de data 25 de setembro de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

## **6º.- APROBACIÓN DO ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A PERSOAS VALORADAS COMO DEPENDENTES, SEGUNDO A LEI 39/2006, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA.-**

Seguidamente polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a ratificación da inclusión na orde do día da proposta da Alcaldía de data 26 de setembro de 2008 sometida a ditame da Comisión Informativa de Promoción Económica en data 30 de setembro de 2008 sobre aprobación do acordo regulador do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar a persoas valoradas como dependents según a Lei 39/2006 de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, sendo ratificada por unanimidade a inclusión na orde do día de dita proposta.

Acto seguido, polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 30 de setembro de 2008 que transcrito literalmente di:

**“PUNTO ÚNICO.- APROBACIÓN DO ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA PRESGTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A PERSOAS VALORADAS COMO DEPENDENTES SEGÚN A LEI 39/2006 DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA.**

Seguidamente dáse conta da proposta da Alcaldía de data 26 de setembro de 2008 que transcrita literalmente di;

## “PROPOSTA DE ACORDO

En relación co expediente tramitado para a fixación do previo público pola prestación do servizo de axuda no fogar a persoas valoradas como dependentes según a lei 39/2006, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, pola Alcaldía, e de conformidade co establecido no artigo 47 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Redndido da Lei Reguladora das Facendas Locais, propónse á adopción do seguinte acordo previo dictame da Comisión Informativa correspondente:

Primeiro.- Aprobar a fixación do precio público pola prestación do servizo de axuda no fogar a persoas valoradas como dependentes segundo a lei 39/2006, de promoción da autonomía persoal e atención ás pesonas en situación de dependencia dacordo co establecido no anexo que se incorpora á prsente proposta.

Segundo.- Acordar a súa publicación mediante a inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Fene, a 26 de setembro de 2008.

O ALCALDE

Asdo.- José Iván Puentes Rivera”

### **ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A PERSOAS VALORADAS COMO DEPENDENTES SEGÚN A LEI 39/2006 DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA**

#### **ARTIGO 1.- CONCEPTO:**

De conformidade co previsto no artigo 127 en relación co artigo 41, e segundo as normas contidas no Capítulo VI do Título I do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o precio público polo Servizo de Axuda a Domicilio a persoas valoradas como dependentes segundo a Lei 39/2006 de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, especificado nas Tarifas comprendidas no artigo 3, e que se rexerá polo presente acordo.

#### **ARTIGO 2.- OBRIGADOS O PAGAMENTO:**

Están obrigadas ao pago todas aquelas persoas que, unha vez recoñecidas como dependentes ao abeiro da Lei 39/2006 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en situación de dependencia, e teñan resolución do Plan Individualizado de Atención (PIA) no que se lle recoñeza o citado servizo (calquera que sexa a modalidade do mesmo) sexan dadas de alta no servizo municipal de acordo co estipulado no Regulamento específico de funcionamento.

Se o/a beneficiario/a carecera da capacidade para obrar, dita obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal ou, no seu caso, sobre quen exerza de feito o seu coidado.

#### **ARTIGO 3.- CONTÍA DO PRECIO PÚBLICO:**

##### **1.Contía.**

A contía do precio público regulado nesta Ordenanza será a fixada nas tarifas contidas nos apartados seguintes referidas a unha hora de prestación do servizo, e que se determinarán do seguinte xeito:

Aos efectos previstos para aplicación das tarifas do presente artigo, se establece o **precio da hora por prestación do servizo en 11 euros**.

Para o cálculo da cota mensual en función do número de horas, se realizará atendendo á programación semanal que se determine en cada caso, multiplicado pola cifra de 4,35 que é a media de semanas por mes.

<b>Horas de servizo/semana/mes</b>	<b>Coste total por mes</b>
2 horas á semana.- 8,7 horas ao mes.	95,70 euros
3 horas á semana.-13,05 horas ao mes.	143,55 euros
4 horas á semana.-17,40 horas ao mes.	191,40 euros
5 horas á semana.- 21,75 horas ao mes.	239,25 euros
6 horas á semana.-26,10 horas ao mes.	287,10 euros
7 horas á semana.-30,45horas ao mes.	334,95 euros
8 horas á semana.-34,80 horas ao mes.	382,80 euros
9 horas á semana.-39,15 horas ao mes.	430,65 euros
10 horas á semana.-43,50 horas ao mes.	478,50 euros
11 horas á semana.-47,85 horas ao mes.	526,35 euros
12 horas á semana.-52,20 horas ao mes.	574,20 euros
15 horas á semana.-65,25 horas ao mes.	717,75 euros
18 horas á semana.-78,30 horas ao mes.	861,30 euros
20,68 horas á semana.-90 horas ao mes.	990 euros.
<b>COSTE POR HORA</b>	<b>11,00 euros</b>

Para outro cómputo de horas non recollidas na táboa anterior, rexerese polas mesmas normas de elaboración:  $n^{\circ}$  horas semanais x 4,35 semanas/mes x 11 euros (precio/hora)

## 2.Reduccións.

A participación das persoas beneficiarias na financiación do servizo co establecido na Lei 39/2006 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia e resto de normativa que a regula, se establecerá en función do coste do servizo que se lles preste e da súa capacidade económica persoal, consonte á seguinte taboa:

IPREM ANUAL	RANGO ANUAL	RANGO MENSUAL	PORCENTAXE DE CONTRIBUCION
Igual ou inferior ao IPREM	Igual ou inferior a 7.236,60 euros.	Igual ou inferior a 516,90 euros.	Exención cotas
Superior ao 100 e inferior a 200 % IPREM	Maior de 7.236,60 e menor de 14.473,20 euros.	Maior de 516,90 e menor de 1.033,80 euros.	7 %
Superior ao 200 inferior a 300 % IPREM	Maior de 14.473,20 e menor de 21.709,80 euros.	Maior de 1.033,80 e inferior a 1.550,70 euros.	15 %
Superior ao 300 inferior a 400 % IPREM	Maior de 21.709,80 e menor de 28.946,40 euros.	Maior de 1.550,70 e inferior a 2.067,60 euros.	30 %
Superior ao 400 inferior a 500 % IPREM	Maior de 28.946,40 e menor de 36.183 euros.	Maior de 2.067,60 e inferior a 2.584,50 euros.	50 %
Superior ao 500 do IPREM	Maior de 36.183 euros.	Maior de 2.584,50 euros	80 %.

En ningún caso a contribución económica da persoa usuaria poderá ser superior ao 80 % do custo/hora.

### **3. Capacidade económica da persona usuaria do servizo.**

Esta se determinará de acordo cos puntos que se indican a continuación, e esta deberá vir fixada a través do seu Programa Individual de Atención (PIA), tras a aplicación da Lei 39/2006, de 14 de decembro.

1. A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, as persoas convivintes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes.
2. A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.
3. Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Considéranse exentos do cómputo a vivenda habitual na que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ámbolos dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos dous membros da parella.
4. A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co apartado anterior, entre a suma dos seguintes convivintes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas, e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.
5. A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos apartados anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5 % do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 aos 65 anos e dun 1% os menores de 35 anos.
6. Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes a última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

As contías referidas á capacidade económica das persoas beneficiarias se establecerán en función do Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM) vixente. Para o exercicio 2008 será de 516,90 euros ao mes e en cómputo anual: 7.236,60 euros.-14 pagas)

Asemade para a aplicación do presente acordo e para poder establecer a capacidade económica da persoa solicitante, o concello de Fene deberá dispoñer do expediente de dependencia ou valoración económica contida no mesmo, que solicitará de oficio, previa autorización expresa e por escrito da persoa beneficiaria ou familia, ao Órgano de Valoración de Dependencia da Administración Autonómica.

### **ARTIGO 4.- CONDICIÓN DE PAGAMENTO:**

- 1.- A obriga de pagamento nace dende que se inicie a prestación do servizo.
- 2.- Os abonos mensuais das cotas de realizaranse a través de domiciliación bancaria. Se estes pagos non se poidesen facer efectivos por calquera motivo: inexistencia de fondos ou outros, a persoa beneficiaria do servizo será apercibida de inmediato, responsabilizándose dos gastos que isto ocasione.
- 2.- En casos de suspensión temporal do servizo, que pode extenderse ate 3 meses, descontarase das cotas, a parte proporcional que lle corresponda mensualmente. Aplicarase

en concepto de reserva de praza 1 semana por cada mes de servizo, ou os días que correspondan proporcionais ao tempo de suspensión.

3.- Se a algunha persoa beneficiaria non se lle prestase o servizo por causas non imputables á mesma, léase por inconvincentes derivados da organización interna do propio servizo, terá tamén dereito a un desconto proporcional ao tempo que estivo sen atención á hora de abonar a cota mensual.

4.- As débedas polos precios públicos poderán esixirse polo procedemento administrativo de apremio.

#### **ARTIGO 5.- NORMAS DE XESTIÓN:**

1.- As cantidades esixibles con arreglo ás tarifas se liquidarán polo servizo prestado e serán irreducibles por períodos bimensuais.

2.- Unha vez aprobada a alta no servizo, esta manterase mentres o grado e nivel de dependencia da persoa valorada non varíe e non haxa comunicación expresa dos órganos de valoración autonómicos dun cambio no seu Programa Individual de Atención. Asemade rexerase polas normas contidas no Regulamento específico do servizo, no seu artigo 10 referente á extinción do servizo.

3.- Anualmente, ou antes, no caso de producirse cambios na situación das persoas usuarias, se lles requerirá, por parte dos Servizos Sociais, para que xustifiquen documentalmente a súa situación económica e patrimonial, a efectos de actualizar a súa renda per cápita e o precio público a aboar.

4.- Unha vez iniciada a prestación do servizo, e dacordo co contido no regulamento municipal para persoas en situación de dependencia valorada, procederase á súa inclusión nos padróns ou matriculas deste precio público. O pagamento da contía que corresponda aboar a cada persoa beneficiaria farase efectivo en recibos bimensuais nas entidades bancarias colaboradoras que se sinale, e nos prazos a tal efecto recollidos na normativa de aplicación.

#### **DISPOSICION FINAL**

O presente acordo entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e haxa transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Aberto o debate (.../...)

Rematado o debate e sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, a comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica acorda por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 26 de setembro de 2008 que devén en ditame nos termos anteriormente transcritos."

Non producíndose intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria, o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 30 de Setembro de 2008 sendo aprobado por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 30 de setembro de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

#### **7º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCIZO ORZAMENTARIO 2007.-**

Seguidamente dáse conta da proposta da Alcaldía de data 25 de setembro de 2008 que transcrita di:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Resultando que a Comisión Especial de Contas en sesión extraordinaria celebrada en data 29 de xullo de 2008 dictaminou informar favorablemente a Conta Xeral desta Entidade e os seus estados e anexos correspondente ó exercicio presupostario de dous mil sete, nos termos e cifras con que foi redactada, así como de conformidade co previsto polo art.212.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, dispoñer á exposición pública da Conta Xeral, mediante a inserción do edicto correspondente no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante o prazo de quince días hábiles e oito máis poidan os interesados presentar reclamacións, reparos e/ou observacións.

Resultando que o anuncio publicouse no Boletín Oficial da Provincia núm. 182, de data 8 de agosto de 2008 .

Resultando que durante o prazo de exposición pública non se presentou reclamación, reparo ou observación .

#### **PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

Aproba-la Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio presupostario de dous mil sete, nos términos e cifras con que foi redactada.”

Non producíndose intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a Proposta da Alcaldía de data 25 de setembro de 2008 obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12) dos/as Sres/as Concelleiros/as Don José Iván Puentes Rivera, Don Antón Lois Noceda Carballo, Don José Antonio López Rodríguez, Dona M<sup>a</sup> del Carmen Silvar Canosa, Don Manuel López Rodríguez, D<sup>a</sup> Amalia García Balado, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Dona Rita María Couto Seijido, Don Manuel Polo Gundín, Don Edgar Antonio Vigo López, D<sup>a</sup> Inés Roca Requeijo e Don Manuel Vicente Pico San Martín.

Votos en contra: catro (4) dos/as Sres/as Concelleiros/as Don Gumersindo Galego Feal, Dona Rocio Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal e Dona María Pilar Fornos Corral.

Abstencións: unha (1), do Sr. Concelleiro Don Manuel Sánchez Martínez.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a Proposta da Alcaldía de data 25 de setembro de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

#### **8º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE MEDIDAS DE AUSTERIDADE NAS ENTIDADES LOCAIS.**

De seguido dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 18 de setembro de 2008 que transcrito di:

#### **“5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE MEDIDAS DE AUSTERIDADE NAS ENTIDADES LOCAIS.**

A continuación dáse conta da moción do grupo municipal do PsdeG-PSOE relativa ao asunto epigrafiado que, transcrita di:



## **“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE MEDIDAS DE AUSTERIDADE NAS ENTIDADES LOCAIS.**

Como reacción á **SITUACIÓN DE INESTABILIDADE FINANCIERA INTERNACIONAL**, o Grupo Municipal do PS<sup>de</sup>G PSOE, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ó Pleno do Concello de Fene:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A inestabilidade financeira internacional, a crise do petróleo a caída no sector da construción, entre outras razóns, teñen arrastrado ao noso país a unha situación económica delicada e difícil, dentro do contexto internacional, que compre afrontar con decisión e coraxe.

Tanto o Goberno de España, un dos primeiros gobernos europeos en intervir ante a crise, como o Goberno de Galicia, que xa en xaneiro de 2008 presentou o seu Plan de Dinamización Económica, están actuando. O noso país esta encaixando mellor a situación, resistindo mellor que outras comunidades autónomas, así como España presenta aínda hoxe resultados lixeiramente máis favorables que amedia europea. Temos que contribuír a superar a situación adoptando medidas que palíen os efectos sociais negativos da crise e preparen a nosa economía para unha maior fortaleza.

Compre o esforzo mancomunado de todos, debendo implicarse todas as administracións. No ámbito local, os Concellos e Deputacións poden contribuír nos vindeiros meses, desde os seus recursos e orzamentos, a afrontar as dificultades, cumprindo co obxectivo da austeridade orzamentaria. Queremos propiciar medidas reais que contribúan a frear as dificultades que atravesamos, sen que a factura da crise recaia só nos cidadáns, promovendo un PLAN DE AUSTERIDADE MUNICIPAL.

Por todo o sinalado anteriormente, o Grupo Municipal do PS<sup>de</sup>G PSOE de Fene presenta a seguinte:

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

1. Os soldos correspondentes a alcaldes e concelleiros, con dedicación exclusiva e parcial, no exercicio de 2009 serán conxelados.
2. De igual xeito, conxeláranse as partidas orzamentarias destinadas a dietas de cargos electos por asistencia a plenos, comisións de goberno, comisións informativa e consellos de administración das empresas e sociedades municipais. Ao tempo, conxeláranse os soldos correspondentes aos cargos de confianza política dos gobernos locais (xefes de gabinete, asesores, etc.) así como o seu número.
3. A consignación para gastos correntes de libre disposición non vinculados a atención de servizos de carácter social será conxelada nas cifras orzamentadas para este exercicio 2008.
4. Conxelarase a consignación das partidas orzamentarias correspondentes ao funcionamento dos grupos políticos municipais nas cifras do ano 2008.”

Aberto o turno de intervencións (.../...)

Rematadas as intervencións e sometido pola presidencia o asunto a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica con catro (4) votos a favor (dos/as Sres/as José Antonio López Rodríguez, Manuel López Rodríguez, Silvar Canosa e García Balado) e coa abstención dos Sres/a Polo Gundín, Pico sanmartín, Franco Casal, Bértoa

Puente e Sánchez Martínez acorda dictaminar favorablemente a moción do grupo municipal do PsdeG-PSOE anteriormente transcrita.”

Aberto o debate, pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que na comisión se abstiveron respecto desta moción e que quere explicar que non é que non estean de acordo coa conxelación de salarios á que se refire a mesma, senón porque que cre que esta moción se queda curta; que parécelles demagogia que precisamente sexa o partido socialista quen traia esta Moción aquí cando acaban de debater os orzamentos e cando precisamente o incremento de gasto que houbo neste concello como consecuencia do persoal de confianza foi terrible, porque coas novas dedicacións, cós cargos de confianza e coa creación da nova praza de técnico de administración xeral, os gastos deste concello en materia de persoal subiron tanto como cento cincuenta mil euros, sen contar a seguridade social, polo que parécelles pura demagogia, coa unica intención de saír nos xornáis; que o que están a propoñer aquí dupón un aforro para o concello que poden ser mil euros ao ano, non máis, xa que aínda que se subira o IPC o aforro serían mil euros e aforran mil euros por un lado e gastan cento cincuenta mil por outro; di que eles si que fan a redución de gstos de protocolo e representación, reducir gastos de propaganda, de persoal na medida do posible, facer un plan de axuste do gasto corrente, xa que se ben hai subministracións que non poden ser obviadas , noutras si pódese facer un recorte, como en enerxía eléctrica, teléfono, gasto de papel, etc.; que para chegar a un aforro dun 10% non faría falla facer moitas filigranas, polo que tamén pedían que houbese un control dese gasto e que, en todo caso, calquera variación na previsión de ingresos esixira unha variación dos orzamentos; que nos orzamentos que agora están aprobados foi onde eles propuxeron unha serie de recortes, polo que cren que esta moción quédase curta e por iso non votarán en contra pero vanse abster; di que deberíanse de suprimir gastos de propaganda como o que acaban de ver nun periódico que lles asusta e lles parece rechamante, polo que piden se recorten os gastos de todas estas cousas que son superfluas. Remata a súa intervención dicindo que vánse abster nesta moción por considerala incompleta e puramente demagóxica.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que nas dúas propostas se abstivo na comisión e naquel momento explicou o por qué; que indubidablemente o Partido Popular ten razón cando di que a súa proposta é máis restrictiva, e que comprende que son propostas de ámbito estatal e que hai que presentalas pero que en Fene non supón ningún recorte de gastos; que respecto da última lexislatura os gastos se multiplicaron por tres, que os salarios do alcalde e dos concelleiros xa levan tres anos conxelados, así como tamén o financiamento aos grupos e que as tres persoas de especial confianza non existían; que o único que fai esta proposta é desacreditalos diante dos vecinos e que se de verdade queren facer un aforro, nunha situación de crise, hai que facer unha reestructuración do gasto; que na proposta de resolución pídese que os soldos correspondentes aos alcaldes ou concelleiros con dedicación exclusiva ou parcial serán conxelados, o que non fai falla porque xa o están; que, de igual xeito, din que conxelaranse as partidas orzamentarias destinadas a a dietas de cargos electos por asistencia a plenos, comisións de goberno, comisións informativas e consellos de administración das empresas e sociedades municipais e que ao tempo, conxeláranse os soldos correspondentes aos cargos de confianza política dos gobernos locais (xefes de gabinete, asesores, etc.) así como o seu número, o que da a entender que se non estiveran nunha situación como esta, se aumentarían; que a eles é unha cousa que lles fastidia moito e que desde EU sempre están insistindo nos cargos de especial confianza porque nin o pobo de Fene nin ningún concello ten por qué correr con gastos dun determinado tipo de persoas que están única e exclusivamente ao servizo dos partidos políticos; que non teñen nada en contra deles pero que deberían pagalos os partidos políticos que os elixen, neste caso o grupod e goberno, dous o PSOE e un o BNG; di que a conxelación das indemnizacións dos Concelleiros por asistencia non chega nin a 15 euros ao mes polo que lle parecen unha cifras ridículas e non se aforra nada; que aínda que poden admitir que existan dúas dedicacións exclusivas, o que se aforra nada; que aínda que poden admitir que existan dúas dedicacións exclusivas, o que non poden admitir son as tres persoas de especial confianza porque non aportan nada ao pobo, e o que supón ese persoal de confianza son uns oitenta mil euros; que o que significa

a conxelación dos salarios aos concelleiros son dous mil setecentos euros ao ano, cun 4% de IPC, e que con isto non se vai a ningunha parte, xa que se todos os problemas de Fene se solucionan con isto quédase el sen cobrar nada e se soluciona o problema; que o equipo de goberno anterior eran sete e agora son doce e aquí tamén hai un gasto a maiores, e que si se suman todas as cousas que hai a maiores a realidade é que se gastan noventa e dous mil euros de máis e se propón un aforro de dous mil setecentos; que se en Fene ,con menos de quince mil habitantes, hai tres persoas de confianza, saen a cinco mil habitantes por cada un, e si se van ao concello de Ferrol que ten oitenta mil habitantes tería que ter dexaseis persoas de confianza, na Coruña 60, e en Galicia 560 e continúa poñendo exemplos como en Madrid ou en toda España. Continúa dicindo que o que se debería e reformar a estrutura eliminando organismos como as Deputacións, que son organismos parasitarios , e que habería que facer unhas reestruturacións e o persoal destas encaixalo nos concellos co que moitísimas funcións que se están encargando a outros organismos poderíanse facer nos concellos; que ese si sería un aforo, un bo funcionamento, e permitiría ter unhas carreiras profesionais da administración, onde os políticos foran tamén profesionais, e se poderían ter bos servizos tanto económicos como administrativos e que iso si serían unhas medidas de aforro e unha administración que funcionaría ben, mellor e máis barata para todos.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que vai intentar facer unha intervención única tanto nsta moción como na que presenta o Partido Popular e que van manter o mesmo sentido de voto, que foi o da abstención, en ámbalas dúas, porque entenden que as dúas mocións teñen un contido semellante, nas que fundamentalmente se pretende resolver unha situación de crise económica mundial conxelando o salario aos concelleiros e aos cargos con dedicación exclusiva no concello; di que iso é unha cortiña de fume desde o punto de vista da cuestión práctica e desde o punto de vista incluso ideolóxico ; que eles nese sentido están nunha posición totalmente oposta porque poden facerse axustes económicos nos gastos, pódese mellorar a eficiencia recadadora do concello, a creación de novos feitos impositivos, como cargarlle ás caixas de aforros, aos bancos e entidades financeiras, un imposto por ter caixeiros automáticos dando á vía pública, é dicir, que hai fórmulas de mellorar a eficiencia financeira deste concello e de todos o demáis; di que despois terán tamén ocasión de falar de varias mocións que falan precisamente do financiamento municipal , que si é unha cuestión clave e estrutural dos concellos e que está a axfiar a todos; que tanto esta moción como a do Partido Popular quédanse longas as dúas de centrar o problema da crise a nivel mundial, que é unha crise de sistema, porque non atallan o centro do problema, que é que o modelo económico actual é un modelo desfasado que está a amosar as súas imperfeccións; di que o que se pode facer desde o concello para facerlle a vida máis fácil aos veciños é tomar unha decisión valente que é non subirlle os impostos durante un ano ou dous porque a presión económica de todo o demáis é gravísima, e iso si poden ser douscentos ou douscentos cincuenta mil euros, pero que pode significar un problema económico dentro do concello se non se fan as contas ben, pero que reducir en mil cincocentos euros ao ano o salario dun alcalde ou dun concelleiro liberado é chover no mar e pretender que suba a marea; que o que teñen que facer tamén é apoiar e impulsar os sectores productivos, como o marisqueo, traballar para que o naval recupere peso, tirar por aquilo que se poida e intentar diversificar no que se poida a economía ,tanto co pequeno comercio, como cos servizos, como co polígono de Vilar do Colo; que hai que falar en serio destas cousas e que cre que non é rigoroso desde ningún punto de vista traer mocións deste tipo ao pleno a falar de redución de salarios cando si se botan as contas débese levar entre as corporacións anteriores e esta sen subirse nada moitísimo tempo; que a moción non se axusta á realidade de Fene polo que eles vánse abster, porque entenden que son fogos de artificio , non teñen un valor real na vida das persoas e non vai resolver ningún problema económico no Concello de Fene.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que a raíz das intervencións dos voceiros dos diferentes grupos, cre que tampouco se acaba de entender cal é a finalidade desta proposta; di que evidentemente non pode ser a finalidade desta proposta solucionar os problemas económicos do concello de Fene; que a moción se presenta cun único sentido, de exemplo de caraá cidadanía ,de que nun momento

onde toca empuxar entre todos, pola parte política non se van aumentar os gastos en salarios e iso é o sentido que ten, non pretender ser a solución a ningún gran problema porque non o é, nin pretende ningunha das cousas que se dixeron. Continúa a súa intervención e di que, en relación al falado por algún dos grupos verbo da redución de gastos de persoal, quere dicirlles que dentro de pouco estarán na mesa de negociación e que os que din iso tamén lle gustaría que foran capaces de dicir o mesmo nese foro, porque ata agora viñeron dicindo todo o contrario; que cando se acusa ao grupo de goberno de facer demagogia non se caía na demagogia barata como fai o Partido Popular, e que non se confundan o que son gastos de propaganda con información á cidadanía, porque o anuncio ao que se referiu o Sr. Galego Feal é un anuncio sobre as escolas culturais e deportivas municipais e non se pode considerar propaganda; di que tamén quere matizar unha cousa ao voceiro do BNG verbo do dito que o que se pretende é que choiva no mar e suba a marea; que iso é verdade nas rías pero que se estivera algunha vez pola Costa da Morte sabería o que é cando se sube a marea e ademáis chovendo, e se daría conta de que ás veces chovendo pouco a pouco cada gota de auga vai facendo marea; di que en todo caso un debate ao que están abocados nos vindeiros meses é o relativo aos orzamentos do vindeiro ano e onde a rixidez orzamentaria á que lles obriga a situación económica vai tamén obrigar a facer esforzos de imaxinación en novas medidas que optimicen todos os gastos que se realizan no concello; que como mostra desa vontade, un exemplo, que ten o sentido de ser a moción, un botón dunha marea que ten que vir acompañado dunha serie de medidas, de todo un traxe de medidas; que un botón axuda a que unha chaqueta peche, simplemente o botón non serve para nada, xa que teñen que construírse todo o demáis, e ese camiño haberá que facelo cando toca, nos vindeiros meses coa elaboración do orzamento e coa toma de medidas que permitan afrontar a nova situación económica.

Rematado o debate, polo Sr. Presidente sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 18 de setembro de 2008 obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7) dos/as Sres/as D. Iván Puentes Rivera, Don Antón Lois Noceda Carballo, Don José Antonio López Rodríguez, Dona M<sup>a</sup> del Carmen Silvar Canosa, Don Manuel López Rodríguez, Dona Amalia García Balado e Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira.

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: dez (10) dos/as Sres/as Dona Rita Couto Seijido, Don Manuel Polo Gundín, Don Edgar Antonio Vigo López, Dona Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, Dona Rocio Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 18 de setembro de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

#### **9º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN RELACIÓN Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE AFORRO E AUSTERIDADE NO GASTO PÚBLICO NAS CORPORACIÓNS LOCAIS.-**

Seguidamente dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 18 de setembro de 2008 que transcrito di:

#### **“4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN RELACIÓN A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE AFORRO E AUSTERIDADE NO GASTO PÚBLICO NAS CORPORACIÓNS LOCAIS.**

A continuación dáse conta da moción do grupo municipal do Partido Popular relativa ao asunto epigrafiado que, transcrita di:

## **“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN RELACIÓN Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE AFORRO E AUSTERIDADE NO GASTO PÚBLICO NAS CORPORACIÓNS LOCAIS.-**

### **MOCIÓN PARA A ADOPCION DE MEDIDAS DE AFORRO E AUSTERIDADE NO GASTO PÚBLICO NAS CORPORACIÓNS LOCAIS**

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidas na seguinte

#### Exposición de Motivos

Galicia padece unha situación de crise económica caracterizada por unha caída moi rápida do crecemento económico. En só 9 meses pasamos de crecer cerca dun 4% á prácticamente a metade: o 2,4%.

Ao frearse a actividade económica aumentan o número de despedidos e diminúen as contratacións. A maior perda de benestar para as familias provén da perda dun soldo, que en ningún caso se compensa co seguro de desemprego. E nestes últimos 12 meses en Galicia o número de parados aumentou en case 13.000 persoas.

Asimesmo, a calidade de vida de moitas familias galegas empeorou considerablemente nos últimos anos, debido á suba -case continua desde finais de 2005- dos tipos de interese das hipotecas, a suba dos alimentos de primeira necesidade, e doutros produtos básicos como a electricidade ou o petróleo.

Ante esta situación de crise económica, as entidades locais, como administración máis cercana ó cidadán, non poden recortar os gastos sociais, pero si poden aplicar medidas de aforro e austeridade no partidas orzamentarias relativas aos soldos e dietas dos cargos públicos, aos gastos corrientes, así como axustar e revisar a oportunidade das liñas de subvención aprobadas nestes últimos anos.

Por todo isto, o Grupo Popular do Concello de Fene presenta para a súa aprobación polo Pleno, o seguinte ACORDO:

Na elaboración do proxecto de Orzamentos para a exercicio 2009 se cumprirán os seguintes criterios:

1. Conxelación de todos os soldos dos cargos públicos, alcaldes, concelleiros e asesores. Asimesmo, conxelación das retribucións en concepto de dietas e asistencias a órganos colexiados, así como das asignacións para o funcionamento dos grupos municipais.
2. Redución dos gastos de protocolo e representación.
3. Elaboración dun *Plan de Axuste do Gasto Corrente*, co obxectivo de, cando menos, conxelar o importe destes capítulos e co horizonte desexable de acadar ata o 10% de aforro, para elo se fará un especial fincapé na redución dos gastos de materiais, subministros, consumibles, etc...
4. Presupuestación dos ingresos baixo os criterios de máximo rigor e prudencia, realizando un seguimento constante da súa evolución ao longo do exercicio, para poder adaptar as previsións á realidade de xeito permanente. O presuposto de gastos non medrará por riba do incremento que registre o PIB nominal. En todo caso, calquera variación das previsións dos

ingresos esixirá a inmediata adopción dos correspondentes axustes no orzamentos de gastos.

5. Revisión da necesidade e oportunidade das liñas de subvención previstas, realizando os axustes que sexan viables. En ningún caso se recortarán subvencións de carácter social nin aquelas que incentiven de xeito directo a actividade económica. Nos restantes casos, conxelárase o importe das subvencións de gasto corrente ou, no seu defecto, minoráranse na mesma porcentaxe na que teñan diminuído os ingresos correntes cos que éstas se poidan estar financiando.

6. Non se recurtarán, en ningún caso, as partidas orzamentarias destinadas a atender gastos sociais.”

Aberto o debate(.../...)

Rematado o debate, pola Presidencia sométese a votación ordinaria o asunto, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: dous (2)(dos Sr/Sra. Franco Casal e Bértoa Puente)

Votos en contra: Catro (4) (dos Sres/as José Antonio López Rodríguez, Manuel López Rodríguez, Silvar Canosa e García Balado)

Abstencións: Tres (3) (dos Sres. Polo Gundín, Pico Sanmartín e Sánchez Martínez).

Á vista do resultado da votación declárase dictaminada desfavorablemente a moción do grupo municipal do Partido Popular anteriormente transcrita.”

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido ,manifesta que eles o que popoñían nesta moción que foi rexeitada era ir moito máis alá, non ser un exemplo, e que lle gusta que o voceiro do partido socialista recoñeza que vai haber unha redución dos ingresos neste Concello xa que eles nos plenos dos orzamentos xa o dixeron; que baixaron os ingresos pola participación de tributos do Estado, os recursos eventuais, o ICIO ; que agora despois de aprobar os orzamentos si se recoñece pero cando eles o dixeron chamáronlle alarmistas e retrógrados. Continúa o Sr. Galego Feal a súa intervención e manifesta que non quere que se poña na súa boca nin ha do seu partido cousas que non se din, e pregunta quen falou de redución de persoal ou de escatimar gastos en persoal; di que eles non dixeron iso e que o que o Partido Popular dixo foi que reducirían os gastos de persoal de confianza, polo que cando veña a negociación colectiva terá que apretar o cinto todo o mundo e haberá que ver cómo se negocia ,pero eles non van dicir por iso que se conxelen os salarios dos funcionarios; que quede claro que o Partido Popular non falou para nada do persoal do concello; que en canto ao anuncio que apareceu no periódico pode ser moi institucional pero todo o mundo coñece as escolas deportivas e non cre que se vaian enterar das mesmas a través do “Metropolitano”.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que é verdade que esta moción é un pouco máis ampla que a outra ,pero que a metade das cousas xa se fan e as outras cousas que se propoñen é repetir o que xa dixo anteriormente.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que se van abster nesta moción porque é un pouco máis do mesmo; di que cre que o PP xa demostrou que ante a crise o que hai que facer é axustarlle o salario aos traballadores, que é o primeiro que se pide porque, a fin de contas un Alcalde ou un concelleiro liberado non deixa de ser un traballador ao servizo do pobo; que cre que unha das medidas que efectivamente poden adoptarse, ademáis de facer axustes económicos, contención do gasto, e un orzamento o máis equilibrado posible, é non gravar máis á cidadanía e ir a un nivel que non faga sufrir máis ás economías do concello; que hai que ir a cuestións que sexan positivas a futuro, non recortar sen saber por ónde se lle vai meter a telleira ao orzamento.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedida manifesta que sería reiterativo entrar no mesmo debate que tiveron anteriormente e na

Comisión, pero que quere lembrarlle ao voceiro do Partido Popular que non se está a falar do orzamento de 2008, senón do do 2009; que, en todo caso, non teñen máis argumentos que reiterar agás que dicir que os axlustes que se fagan neste Concello non poden ser en menoscabo da capacidade económica dos traballadores.

Rematado o debate, pola Presidencia sométese a votación ordinaria o asunto, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7) dos/as Sres/as D. Iván Puentes Rivera, Don Antón Lois Noceda Carballo, Don José Antonio López Rodríguez, Dona M<sup>a</sup> del Carmen Silvar Canosa, Don Manuel López Rodríguez, Dona Amalia García Balado e Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira.

Votos en contra: catro (4) dos/as Sres/as Don Gumersindo Pedro Galego Feal, Dona Rocio Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal e Dona M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral.

Abstencións: seis (6) dos/as Sres/as Don Manuel Polo Gundín, Dona Rita María Couto Seijido, Dona Inés Roca Requeijo, Don Edgar Antonio Vigo López, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín e Don Manuel Sánchez Martínez.

Á vista do resultado da votación, declárase rexeitada a Moción do Grupo Municipal do Partido Popular anteriormente ditaminada desfavorablemente pola Comisión Informativa de Facenda e Promoción Economía en data 18 de setembro de 2008.

#### **10º.- DACIÓN DE CONTAS DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 576 do 1 de setembro de 2008 e a número 623 de data 30 de setembro de 2008.

#### **11º.- MOCIÓNS URXENTES.-**

Acto seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que hai presentadas tres mocións e unha emenda que versan sobre o mesmo tema, unha moción de EU-IU, outra do PSdeG-PSOE, outra do PP sobre o sistema de financiamento local e unha emenda que presenta o grupo municipal do BNG e que quere propoñer que se faga unha reformulación ou refundición das tres mocións, toda vez que as tres versan sobre o sistema de financiamento local, das Comunidades Autónomas e concretamente dos concellos; di que as tres teñen puntos moi parecidos e algúns que se diferencian, e que a proposta que se pode consensuar, xa que cre que se recolle o espírito das tres mocións é a seguinte: o primeiro punto da moción sería o parágrafo núm. 1 da de EU-IU, o segundo punto sería o quinto da do PSdeG-PSOE, o terceiro sería o oitavo da moción do Partido Socialista; o cuarto punto sería o cuarto da de EU-IU; o quinto sería o terceiro da do Partido Popular; o sexto sería o sexto de EU-IU; o sétimo sería o cuarto da do Partido Popular e o oitavo sería o sétimo de EU-IU; que no punto sexto, que como dixó, sería o sexto da moción de EU-IU, onde fala de abrir á participación dos concellos nos ingresos das comunidades autónomas, se engadiría unha frase ao final que se podería sacar do punto seis da moción do Partido Socialista que di "...avanzando no proceso da segunda descentralización autonómica e desenvolvendo o pacto local"; di que por último hai unha emenda do BNG que sae dun texto consensuado no seo da Fegamp, emenda que se engadiría no punto tres desta nova moción ao final.

(Auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Antón Lois Noceda Carballo)

Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde e da lectura aos puntos do acordo da moción conxunta tal e como quedarían e que din:

#### **ACORDO**

**Primeiro.-** Esixir ao Presidente do Goberno que retire a anunciada proposta de participación de ingresos do Estado prevista para os concellos polo Ministerio de Economía e Facenda, por ser claramente insuficiente e que se comprometa a incrementar esta partida dun xeito considerable respecto á aprobada nos orzamentos do 2008, de acordo coa FEMP.

**Segundo.-** Reiterar a necesidade de que este proceso de negociación sexa impulsado, nas próximas semanas, conforme ao calendario e contidos aprobados na Mesa Negociadora Bilateral FEMP-Goberno, pechando simultaneamente o acordo de Financiamento Local xunto co das Comunidades Autónomas.

**Terceiro.-** Instar a que na reforma do modelo de financiamento local, para a distribución da participación nos ingresos do Estado, se teñan en conta os criterios de número de entidades de poboación, extensión territorial e avellentamento, de acordo coa resolución da FEGAMP, de xeito que se modifiquen os criterios de reparto para os concellos de menos de 75.000 habitantes ( que polo tanto os que non teñen cesión de impostos do Estado) compute a superficie nun 10% e o número de núcleos noutro 10%, ademais da poboación co 65% e o esforzo fiscal co 15%. Polo tanto reduce a poboación do 75% ao 65% e o esforzo fiscal do 25% ao 15% en beneficio de criterios que inciden no custo dos servizos e ao tempo recoñecen a realidade galega: a superficie territorial e o número de núcleos. Ademais propónse tamén que se tome en consideración o envellecemento da poboación e se pondere este factor como elemento a ter en conta nos criterios de reparto.

Ao mesmo tempo propoñemos que a participación nos ingresos do Estado debe ser transferida no seu conxunto á Xunta de Galicia para que esta sexa finalmente quen aplique os criterios de reparto reaxustando posibles desequilibrios e incorporando a transferencia da Xunta de Galicia aos concellos.

**Cuarto.-** Esixir ao Presidente do Goberno o recoñecemento da débeda histórica municipal que se foi acumulando ao longo dos anos como consecuencia da asunción de competencias doutras administracións con recursos propios dos concellos e que cuantifícase en preto de 7000 millóns e euros, establecendo os mecanismos correspondentes para a súa compensación.

**Quinto.-** Ínstase ao Goberno para que a futura Lei de Bases de Réxime Local aborde definitivamente a delimitación precisa das competencias dos concellos e das deputacións provinciais ao obxecto de evitar a situación actual de asunción de competencias impropias.

**Sexto.-** Esixir ás Comunidades Autónomas, en particular á Xunta de Galicia, a posta en marcha de iniciativas dirixidas a abrir a participación dos concellos nos ingresos das comunidades autónomas, co obxectivo de cumprir o mandato constitucional de suficiencia financeira das corporacións locais que hoxe asumen sen compensación algunha competencias claramente autonómicas, avanzando no proceso da segunda descentralización autonómica e desenvolvendo o pacto local.

**Sétimo.-** Esixir ao Goberno a creación urxente dun Consello Local de Política Financeira para tratar os temas de interese bilateral: actualización do catastro, transferencias estatais, xestión dos convenios e cooperación administrativa.

**Oitavo.-** Apoiar cantas iniciativas realicen a FEMP e a FEGAMP para conseguir estes obxectivos, ante a insustentabilidade da situación de financiamento municipal existente neste momento, sen excluír as medidas de presión e reivindicativas que se consideren oportunas.

(Incorpórase ao salón de sesións o Sr. Antón Lois Noceda Carballo).

A continuación polo Sr. Alcalde-Presidente maniféstase que a urxencia da moción ven motivada polo feito de que estase na primeira fase de discusión na elaboración dos Orzamentos Xerais do Estado no Congreso e tamén na negociación deste sistema de financiamento,.



Seguidamente polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a urxencia da moción, sendo aprobada por unanimidade.

A continuación, sometido polo Sr. Alcalde-Presidente o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación acorda por unanimidade:

**Primeiro.-** Esixir ao Presidente do Goberno que retire a anunciada proposta de participación de ingresos do Estado prevista para os concellos polo Ministerio de Economía e Facenda, por ser claramente insuficiente e que se comprometa a incrementar esta partida dun xeito considerable respecto á aprobada nos orzamentos do 2008, de acordo coa FEMP.

**Segundo.-** Reiterar a necesidade de que este proceso de negociación sexa impulsado, nas próximas semanas, conforme ao calendario e contidos aprobados na Mesa Negociadora Bilateral FEMP-Goberno, pechando simultaneamente o acordo de Financiamento Local xunto co das Comunidades Autónomas.

**Terceiro.-** Instar a que na reforma do modelo de financiamento local, para a distribución da participación nos ingresos do Estado, se teñan en conta os criterios de número de entidades de poboación, extensión territorial e avellentamento, de acordo coa resolución da FEGAMP, de xeito que se modifiquen os criterios de reparto para os concellos de menos de 75.000 habitantes ( que polo tanto os que non teñen cesión de impostos do Estado) compute a superficie nun 10% e o número de núcleos noutro 10%, ademáis da poboación co 65% e o esforzo fiscal co 15%. Polo tanto reduce a poboación do 75% ao 65% e o esforzo fiscal do 25% ao 15% en beneficio de criterios que inciden no custo dos servizos e ao tempo recoñecen a realidade galega: a superficie territorial e o número de núcleos. Ademais propónse tamén que se tome en consideración o envellecemento da poboación e se pondere este factor como elemento a ter en conta nos criterios de reparto.

Ao mesmo tempo propoñemos que a participación nos ingresos do Estado debe ser transferida no seu conxunto á Xunta de Galicia para que esta sexa finalmente quen aplique os criterios de reparto reaxustando posibles desequilibrios e incorporando a transferencia da Xunta de Galicia aos concellos.

**Cuarto.-** Esixir ao Presidente do Goberno o recoñecemento da débeda histórica municipal que se foi acumulando ao longo dos anos como consecuencia da asunción de competencias doutras administracións con recursos propios dos concellos e que cuantifícase en preto de 7000 millóns e euros, establecendo os mecanismos correspondentes para a súa compensación.

**Quinto.-** Instase ao Goberno para que a futura Lei de Bases de Réxime Local aborde definitivamente a delimitación precisa das competencias dos concellos e das deputacións provinciais ao obxecto de evitar a situación actual de asunción de competencias impropias.

**Sexto.-** Esixir ás Comunidades Autónomas, en particular á Xunta de Galicia, a posta en marcha de iniciativas dirixidas a abrir a participación dos concellos nos ingresos das comunidades autónomas, co obxectivo de cumprir o mandato constitucional de suficiencia financeira das corporacións locais que hoxe asumen sen compensación algunha competencias claramente autonómicas, avanzando no proceso da segunda descentralización autonómica e desenvolvendo o pacto local.

**Sétimo.-** Esixir ao Goberno a creación urxente dun Consello Local de Política Financeira para tratar os temas de interese bilateral: actualización do catastro, transferencias estatais, xestión dos convenios e cooperación administrativa.

**Oitavo.-** Apoiar cantas iniciativas realicen a FEMP e a FEGAMP para conseguir estes obxectivos, ante a insustentabilidade da situación de financiamento municipal existente neste momento, sen excluír as medidas de presión e reivindicativas que se consideren oportunas.

## 12º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido manifesta que ten varias preguntas e rogos que facer. Di que as primeiras van dirixidas á Concellería de Obras e pregunta se existe algunha previsión para levar a auga ao resto que queda da parroquia de Limodre e si se ten previsto incluída nalgún plan provincial; di que cando os veciños poden enganchar a auga da ampliación nesa zona; pregunta si existe algunha previsión de iniciar os traballos da primeira fase do alcantarillado en Lubian e si ten previsto incluír unha segunda fase nalgún plan provincial; di que respecto do polígono de Vilar do Colo queren saber se existe algunha información actualizada por parte da Sepes sobre as parcelas que quedan por vender, si se fixo algún expediente de reversión de parcelas por falta de execución de proxecto industrial e se hai algún avance respecto da ampliación que está prevista; di que sobre os bolardos da Avda. Marqués de Figueroa queren saber por qué primeiro se anunciou a suspensión da súa colocación e despois se seguiron colocando pola marxe esquerda da calzada en sentido Mugardos; que comprobaron que efectivamente se retiraron algúns onde estaban as prazas de aparcamento que estaban a xerar problemas e que queren saber si se fixo unha readaptación da súa colocación e si se ten pensado manter os que quedan na actualidade.

Continúa a súa intervención o Sr. Galego Feal e manifesta que queren saber si hai algunha previsión para amañar a pista do cemiterio municipal de Fene pois está bastante deteriorada; di que ,verbo da posibilidade de externalizar o servizo de limpeza do Concello, non saben si se refire ao edificio do concello ou é trasladable a outros edificios municipais e pregunta si se prevé xa a búsqueda de segunda actividade para as traballadoras que veñen prestando o servizo ata agora; que viron con agrado que se repintaron as prazas de aparcamento de minusválidos e que parece que agora si cumpren a normativa vixente; di que houbo un pleno onde se dixo que xa había oito persoas cobrando a prestación de dependencia e quere saber se esas persoas a reciben ou non; di que, verbo da delimitación das zonas onde se presta o servizo de recollida de residuos urbanos dous días e tres á semana, parece ser que hai problemas á hora da facturación e na frecuencia con que pasa o camión e que queren saben si se lle puxo algunha solución; que outro tema é sobre a pista polideportiva de Magalofes porque no mes de marzo ou abril roubaron toda a tubería de cobre e a estas datas non se repuxo nada; que cre que hai persoal do concello que pode levar a cabo esa reparación e queren saber si hai unha previsión de que se vai facer; que se enteraron pola prensa de que foi cesado o director de Radio Fene e que se nomeou un novo director, e que tiveron coñecemento a través de Resolución da Alcaldía de que se crea unha nova área de comunicación, e pregunta ao grupo de goberno se cre que se cumpríu a legalidade vixente en materia de competencia e procedemento para levar a cabo ese cese e nomeamento; di que saben que se repuxo a cuberta do pavillón de Barallobre, pero que parece ser que o solo quedou estragado e pregunta si se recepcionaron as obras e se a empresa que levou a cabo as mesmas deteriorou a pista; pregunta se na piscina municipal continúa a prestar servizos a empresa Sedega ou se lle encargou a outra a continuación da atención desas instalacións; pregunta cantos nenos quedaron sen matricular na galescola.

Continúa a súa intervención o Sr. Galego Feal e manifesta que recibiu queixas pola deficiente limpeza en San Valentín e que detrás do Eroski, no lavadoiro debería limpar a maleza e os arredores; di que que parece ser que a escola de piano presenta bastantes deficiencias, como mal estado dos baños, humidade nas paredes, está mal pintada e roga que si se pode se acondicione.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde Presidente e manifesta que en relación ao tema de Radio Fene considera que si se cumpríu a legalidade vixente para o nomeamento e que , en todo caso, para tranquilizar a tódolos grupos, hai un órgano que está pendente de constitución que é o Consello da Radio que se constituirá o máis axiña posible e que este asunto será tratado nel.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. José Antonio López Rodríguez quen, unha vez concedido manifesta que, verbo do tema do chan do pavillón de Barallobre, o que se fixo foi cambiar a cuberta, cambiar os vestiarios e facer un novo de minusválidos, e que estas obras non tiveron nada que ver co estado do chan; que o parqué está moi deteriorado pola humidade que hai nesa zona e que estase a ver cómo se pode financiar o cambio do mesmo; di que sobre o tema da continuación da traída de augas en Limodre e da segunda fase de alcantarillado de Sillobre, son obras que queren levar a cabo pronto, pero que de momento están a ter outras prioridades; que unha primeira fase do alcantarillado de Lubián vai no PCP e que cando se execute esa primeira fase acometerase a previsión da segunda; que respecto á conexión de particulares á liña de auga que está estendida en Limodre é competencia de Aquagest a conexión; que, verbo dos bolardos de Marqués de Figueroa, detectouse un erro na primeira colocación, ordenouse á empresa paralizalos, replantexáronse de novo un por un polo técnico municipal e o director das obras e retiráronse preto de douscentos, aos que se lles buscóu outra ubicación; que en ningún momento dixo que se paralizaran as obras e que o que dixeron foi que se paralizaba a colocación e se retiraba algún mentres non viñera o director das obras que estaba de vacacións; que dicir, como se dixo nunha nota de prensa que as beirarrúas se deixan para os coches e non para os peóns parécelle demagóxico, populista e oportunista.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido di que, en relación a pregunta formulada relativa ás parcelas á venda en Vilar do Colo, na parte de Fene só queda unha parcela á venda; que, en canto á reversión, cre que hai cinco ou seis parcelas que xa lle requiriron hai uns meses a Sepes e miraron no departamento de urbanismo se había algún expediente de actividade ou de licenza para algunha desas parcelas que non teñen nada e comprobando que os prazos que tiñan marcados na escritura de compra, prazos de inicio das obras e de actividade non se cumprían, neses cinco ou seis casos remitiron escrito a Sepes para que procedera a rescatalas e volver a poñelas á venda; que en canto á ampliación están á espera de que Sepes diga se efectivamente lle da o visto e prace ou non a esa ampliación.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, di que en canto á pregunta do Partido Popular relativa á externalización do servizo de limpeza, si hai unha proposta da Concellería de persoal que se pasará á seguinte comisión na cal tódolos grupos terán a oportunidade de debatela e que en todo caso quere dicir que no ano 2007 e 2008 as baixas estivéronse realizando a través de empresas e cun notable resultado; que neste ano, e tendo a previsión de que van producirse cambios no colexio da Xunqueira xa se deron instrucións ao servizo de limpeza para que as prazas que se convocaban anualmente se agruparan nun só colexio e facer a contrata cunha empresa; que nestes momentos pásase co mesmo número de persoal, con efectivos do concello en cubrir con cinco horas e cuarto a cubrilo en catro horas e media e que a empresa di que a partires do mes que ven poderá realizalo en catro horas o que evidentemente supón un nivel de aforro e de incremento de eficacia notable. Continúa o Sr. Noceda Carballo a súa intervención e manifesta que se informará máis polo miúdo na comisión, pero que no colexio de A Xunqueira haberá que tomar a decisión de si se segue a manter o servizo o concello ou se reagrupan as traballadoras no resto dos centros, xa que si se sigue como está supón un custo de sesenta mil euros dos cales subvencionan vinte mil, pero si se opta por que a Consellería se encargue de manter o servizo, co cal externalizando só ese e redistribuíndo o persoal, chegaría para cubrir tódalas baixas e tódolos edificios; que de tódolos xeitos, e dado o nivel de funcionamento do servizo na xestión externalizada pensa que é un tema moi importante a debater a necesidade ou non de levar isto adiante.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido, di que, en canto ao tema do pintado das prazas de aparcamento de minusválidos, cumprían a normativa antes e que a cumpren agora; que o feito de que se repintaran e se cambiara a cor non quere dicir que agora cumpren e antes non.

Seguidamente pide o uso da palabra a Sra. Couto Seijido quen, unha vez concedido, manifesta que no referente ao que comentaba o voceiro do PP de que había oito persoas cobrando as prestacións de dependentes, non lembra que dixera en ningún pleno que cobraban prestacións, que tiñan o PIA si, pero non que cobraran, e que agora mesmo hai nove plans individualizados ou PÍAS de persoas que están valoradas e que teñen aprobado o plan, e que, de tódolos xeitos, ten máis datos e que se queren saber todas as persoas que están valoradas non ten inconveniente despois do pleno en miralo, pero que prestacións non as está a cobrar agora mesmo ninguén, e que cando empecen a cobrar será con efectos retroactivos na data que teñan aprobado o plan; di que no referente á galescola xa falou coa concelleira do PP que está na comisión de Igualdade e Benestar e lle comentou que ata mediados de outubro, cando se reúna o consello de participación, non se saberá con exactitude os nenos e nenas que quedan fóra, e que eses datos os dará nese momento así como a baremación que regula o tema.

De seguido, pide o uso da palabra a Sra. Roca Requeijo quen, unha vez concedido, manifesta que no referente aos cambios da tarifación na recollida do lixo antes de sacar as tarifas novas a empresa encargada do servizo de recadación solicitou un informe á concellería de servizos revisando as zonas onde o camiión pasaba tres días ou menos; que había algunhas que estaban mal porque que se pasaba máis días e se cobraba menos e á inversa; que e cambiaron algunhas zonas pero que, polo que lle comentou algún veciño, o que non se fixo foi avisarlles de que lles ía cambiar o que ían pagar, polo que no momento do pago tiveron problemas; que foi un erro non notificarlles en tempo por parte da empresa recadadora de que se lles ía variar, pero que non depende da súa concellería; di que verbo do tema da pista polideportiva de Magalofes ,estase a realizar unha valoración dos desperfectos e que os traballos que poidan facerse con persoal do concello se realizarán.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Silvar Canosa quen, unha vez concedido resposta que como xa dixo na pasada comisión segue prestando o servizo a empresa Sedega mentres non se saque a concurso o servizo.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que o martes da semana pasada estaba convocada unha comisión de organización, seguridade e persoal, e que esperaron ata as sete e media e o responsable non chegou; di que estas cousas estanse a producir con moita regularidade e que espera que tanto o Sr. Alcalde como o grupo de goberno tomen as medidas correspondentes; di que isto vai unido con outras cousas, porque aquel día produciuse unha reestructuración do servizo da Radio, que se debería tratar alí, e que se lle comunicou ás 21:00 horas esa situación e cre que non son formas de que se comunique así; que posteriormente ven que nunha Resolución da Alcaldía aparecen os citados cambios, os ven nunha nota de prensa o día 27 e que EU non entra en discutir temas determinados relativos á organización do traballo , pero que pensa que cando se realiza ese cambio estarían de acordo os dous grupos; que o que EU pide e esixe é que se cumpran os procedementos adecuados; que aínda que o Sr. Alcalde di que se cumpriron, a él parécelle que non ,xa que existe unha reclamación presentada por un dos traballadores afectados. Continúa a súa intervención o Sr. Sánchez Martínez e di que sobre o local de esaiio se lles dixo que se descartaran os baixos da Casa da Cultura e agora entéranse que váise facer na escola de Chamoso, polo que pregunta se xa é definitivo ou depende dalgún organismo alleo ao concello así como que, dado que alí están as amas de casa, se hai algunha previsión verbo de onde se van ubicar; di que, dado que o director do museo do humor se xubila este ano, quere saber se hai previsto algún substituto, ou se vai continuar como está; di que outra pregunta é con respecto a unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que da a razón a un Pub de Fene, concretamente ao Kasluz, porque culpan ao Concello de Fene por non encargan un estudio de rúidos, e que se é verdade que foi por desidia do concello é unha falta moi grave; que lle chama a atención que en determinados aparcamentos, concretamente no edificio dos soportais dirección Neda, as raias que se marcan están ao revés ,co cal os vehículos que van dirección Neda non poden aparcar se non é marcha atrás; que outra suxestión que lle fai un veciño respecto á revisión da ITV dos vehículos industriais, é que en Pontedeume e Cabanas os concellos solicitan

para que veñan uns días aos concellos a pasar a ITV e non sabe se aquí en Fene pode ser viable ou non, polo que pide se estudie a posibilidade de traer aquí dita inspección; que observan que moitas marquesinas están empapeladas por todos os lados e iso dificulta a visión do conductor respecto dos que están esperando na parada e pide que se é posible se solucione.

(Auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Manuel Polo Gundín).

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde- Presidente e manifesta que, con respecto á sentenza do TSXG que ratifica unha sentenza de 1ª de instancia onde se condena nunha parte ao Concello de Fene e noutra se lle da a razón na petición que formulara, é un procedemento administrativo de hai varios anos e que, en todo caso, se os grupos políticos a queren ver e consultar está á súa disposición no concello.

Acto seguido pide o uso da palabra a Sra. Silvar Canosa quen, unha vez concedido, di que en canto aos locais de ensaio están pendentes de enviar o proxecto que teñen encargado a unha empresa externa para que a dirección xeral da xuventude de o visto e praxe; que de tódolos xeitos se baralla a posibilidade do local onde están as amas de casa pero non é definitivo xa que falta o visto e praxe da Xunta; que de tódolos xeitos mañá ela ten unha reunión coa presidenta das amas de casa para informarlles de todo isto, dunha posible reubicación da asociación ,posiblemente a un entorno da casa da cultura de Fene, pero que tampouco é definitivo.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que en canto ao tema do xestor do museo do humor, está previsto iniciar o expediente de substitución xunto con outro paquete de prazas que están pendentes para sacar a contratación e que pode pasar algún tempo no que esté xubilado o titular e aínda non estea nomeado o substituto suposto no que contrataríase a alguén para que o xestione.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Vigo López quen, unha vez concedido, manifesta que en canto ao museo do humor, unha das prioridades da súa concellería é que este museo se revitalice e consiga ter un aspecto máis humorístico para o que é necesario e imprescindible contar con persoal no departamento de cultura ao obxecto de poder traballar, para que este museo varíe o seu aspecto; que a idea que xurde hoxe en día é que toda a casa da cultura exista como museo do humor, que estea realizado de tal xeito que haxa unha zona de exposición de cadros de artistas como hai hoxe en día, e unha serie de actividades interactivas, unha biblioteca do humor comprometida polo Ministro de Cultura na súa visita ao concello; que hai solicitadas unha serie de subvencións para poder realizar a conservación das obras que hai en depósito deste museo, e están a traballar niso para dinamizar o museo.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido, manifesta que os aparcamentos aos que fixo referencia o voceiro de EU, os pintou a COTOP conxuntamente coa policía local de Fene e o técnico municipal; que os aparcamentos en dirección única hai que pintalos así para que se aparque marcha atrás e non de fronte; di que en relación ao tema de inspección de vehículos especiais, non sabe se cambiou a normativa, pero que a inspección técnica avisa que vai vir ao concello uns días antes e o concello coloca uns bandos para esa inspección.

Seguidamente pide o uso da palabra a Sra. Roca Requeijo quen, unha vez concedido, manifesta que no tema das marquesinas, desde a concellería de servizos xa procederon á limpeza dos carteis das mesmas, cousa por outro lado bastante custosa, porque é cartel sobre cartel, pegados uns enriba doutros polo que houbo que comprar un líquido especial; que cando xa tiñan dúas limpas, ao día seguinte había carteis pegados e que habería que mirar de cara ás ordenanzas do ano que ven regular que no mobiliario urbano non se poida poñer ningún tipo de cartel; que, aparte das marquesinas tamén hai que mirar o tema do desbroce, xa que hai algunhas que están en moi mal estado e con cristais rotos, polo que

están a facer un estudo sobre todas as necesidades das marquesinas para procurar amañalas á maior breidade posible.

Intervén de seguido o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que antes de levantar a sesión quere comentar á corporación que a semana que ven ,o mércores día oito ás 11:30 da mañá visitará o concello unha delegación de cincuenta Deputados e Deputadas da Deputación provincial de Barcelona para coñecer determinadas instalacións deportivas da zona e que farase unha recepción no salón de plenos con tódolos grupos políticos e logo visitarán a piscina municipal e farán un percorrido polo Concello así como que se cursará a correspondente invitación por escrito.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dezanove horas e cincuenta minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Vº e praxe,  
O Alcalde-presidente

A secretaria xeral,

Asdo. José Iván Puentes Rivera.

Asdo.: Pilar María Pastor Novo.